

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de novembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de novembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(1465)- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión do 2 de novembro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2.(1466)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 88/2004 INTERPOSTO POR D^a CATALINA DE HAZ BARDINET CONTRA RESOLUCIÓN DA C. GOBERNO DO 22.01.04 DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE DANOS (EXPTE. 15228/240-03). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 5.11.04, dictada polo xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por CATALINA DE HAZ BARDINET contra Acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, de 22 de xaneiro de 2004m recaída no Expte nº 15228/240-03; resolución que anulo, ó entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar á actora a suma de 1.142,74 € polos danos e prexuízos irrogados á mesma, máis o xuro legal devengado por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e os de Tráfico e Vías e Obras.

3.(1467)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 98/2004 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER VILLAR MARTÍNEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO, RESOLUCIÓN 18.12.04 (92 €). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 5.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso adminstrativo interposto por FRANCISCO JAVIER VILLAR MARTÍNEZ contra a sanción de data 18.12.2004, imposta ó recorrente por Decreto da Alcaldía do Concello de Vigo no expediente sancionador núm. 1030871417, consistente en multa de 92 euros por infracción do art 39.2 e) da Lei de Seguridade Vial; resolución que anulo, ó considerala contraria a dereito. Sen facer expresa imposición de custas procesais.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Transporte.

4.(1468)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 146/2004 INTERPOSTO POR ALIANZA Y BARROS, S.A. CONTRA SANCIÓN POR INFRACCIÓN DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO (EXPTE 5494/255-03). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 8.11.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por ALIANZA Y BARROS S.A., contra resolución de data 12 de novembro de 2003, do Concello de Vigo, dictada no expediente sancionador 5494/255-03, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola recorrente fronte a resolución dde data 22 de setembro de 2003, que impon á mesma unha sanción de 1.803,04 € pola comisión dunha falla mou grave tipificada no art. 22.4. h. da Ordenanza Xeral reguladora da actividade

funeraria no término municipal de Vigo; actos que confirmo na súa integridade, por entendelos axustados a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que debера darse conta ao departamento de Cemiterios.

5.(1469)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO- ADMTVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 147/2004 INTERPOSTO POR ALIANZA Y BARROS, S.A. CONTRA SANCIÓN POR INFRACCIÓN DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO (EXPTE. 5339/255-03). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 8.11.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por ALIANZA Y BARROS S.A., contra resolución de data 12 de novembro de 2003, do Concello de Vigo, dictada no expediente sancionador 5439/255-03, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola recorrente fronte a resolución de data 22 de setembro de 2003, que impon á mesma unha sanción de 1.803,04 € pola comisión dunha falta moi grave tipificada no artigo 22.4. h da Ordenanza xeral reguladora da actividade funeraria no término municipal de Vigo; actos que confirmo na súa integridade, por entendelos axustados a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Cemiterios.

6.(1470)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 160/2004 INTERPOSTO POR COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R. Mª BERDIALES 14-16 CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE DANOS (EXPTE. 14544/240-01). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 2.11.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación patrimonial efectuada pola actora por razón dos danos sufridos no sótano do edificio nº 16, como consecuencia da rotura do selado dunha tubería de desagüe de augas pluviais realizado baixo dito sótano. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MARÍA BERDIALES 14/16 contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da

reclamación patrimonial efectuada pola actora en data 4 de outubro de 2001, no Expte nº 14544/240-01; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

7.(1471)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 194/2004 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER DE LOS SANTOS MOLINA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. EXPTE. 1030859062. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 5.11.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por FRANCISCO JAVIER DE LOS SANTOS MOLINA contra o Decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de data 12 de maio de 2004, que impuxo ao recorrente unha sanción consistente en multa de 92 €, pola comisión dunha infracción prevista no artigo 91.2.1 do Regulamento xeral de circulación; acto que confirmo, ó entendolo axustado a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

8.(1472)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 207/2004 INTERPOSTO POR Dª Mª CARMEN GARRIDO ALONSO CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON DILIXENCIA DE EMBARGO DO 22.03.04 (COTAS DE ENGANCHE Á REDE DE AUGAS). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 4.11.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por Mª DEL CARMEN GARRIDO ALONSO contra resolución de 22.03.2004 do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto pola recorrente contra dilixencia de embargo de bens en relación ó impago da acometida de sanamento do ano 2002, do inmueble sito en Camiño de Ribadavia, 19, Castrelos; actos que declaro conformes a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Tesourería-Recadación Executiva e ao Servizo de Augas.

9.(1473)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 222/04 INTERPOSTO POR D. GUILLERMO MANUEL PRESA SUÁREZ DESESTIMACIÓN

PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS (EXPTE. 16484/240-03). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 5.11.04, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación patrimonial efectuada polo actor por razón dos danos sufridos a consecuencia dun accidente de moto provocado polo deficiente estado da calzada o 22.04.03 no túnel de Beiramar. A Sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por GUILLERMO PRESA SUÁREZ contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 9 de setembro de 2003, no Expte nº 16484/240-03; resolución que confirmo, ó entendela axustada a dereito. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que debera darse conta aos departamentos de Patrimonio e Tráfico.

10.(1474)- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A Nº 225/2004 INTERPOSTO POR D. DAVID ÁLVAREZ OUTEIRAL CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1030858545). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 4.11.04, dictada polo xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por DAVID ALVAREZ GUTEIRAL contra o Decreto da Alcaldía do Concello de Vigo de data 21 de abril de 2004, que impuxo ao recorrente unha sanción consistente en multa de 45 e, pola comisión dunha infracción prevista no art. 39.2.e da Lei de Seguridade Vial; acto que confirmo, ao entendela axustado a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

11.(1475)- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 24/2001 INTERPOSTO POR ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL CORREOS Y TELÉGRAFOS CONTRA SENTENCIA DO X. CONTENCIOSO-ADMTVO. Nº 1 EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN TAXAS ENTRADA DE VEHÍCULOS-ANO 1999 DA PZA. COMPOSTELA Nº 3. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.10.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto por Correos y Telegrafos contra a sentenza nº 8/2001 do Xulgado do

Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto pola referida entidade empresarial contra a resolución dictada polo Excmo. Concello de Vigo, que desestimou o recurso de reposición deducido fronte á liquidación da taxa xirada pola citada entidade local por entrada de vehículos no edificio sito na Praza de Compostela nº 3 de Vigo correspondente ao ano 1999. A sentenza falla o seguinte:

Que debemos estimar e estimamos o recurso de apelación interposto polo Avogado do Estado, en nome e representación da ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL CORREOS E TELEGRAFOS, contra a Sentencia núm. 8/2001 de data 18 de abril de 2004, dictada polo Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo; e debemos revocala e a revocamos, anulando o acto administrativo impugnado. Con imposición das custas causadas á parte apelada.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que debera darse conta ao departamento de Administración de Tributos.

12.(1476)- AUTO DO TSXG NO R.C.A Nº 02/4878/03 INTERPOSTO POR Dª CRISTINA FERREIRA FERNÁNDEZ CONTRA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS EXPTE.15457/240. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 26.10.04, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, interposto pola actora contra Concello de Vigo e Gas Galicia S.A. sobre resolución de 27.05.03, recaída no expediente de responsabilidade patrimonial nº 15457/240, que falla o seguinte:

Aceptar o desistimento do presente recurso realizado pola recorrente CRISTINA FERREIRA FERNÁNDEZ e declarar rematado o procedemento. Proceder ao arquivo dos autos e á devolución do expediente administrativo ao órgano de procedencia. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

13.(1477)- REVISIÓN DE PREZOS DA UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO SEGUNDO IPC 2003/2004. EXPTE 110799/301

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 26.10.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro delegado de Acción Social, o concelleiro delegado de Facenda e a Interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno, na sesión ordinaria de 26 de maio de 2003, aprobou a adxudicación do concurso para a contratación do servizo de vixiancia na unidade asistencial Cedro, por un importe de 48.500€ anuais e por un período de dous anos.

O apartado 3 do prego de cláusulas administrativas, establece que procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

A Mesa de Contratación, o día 8 de abril de 2003, procedeu á apertura de plicas e o contrato firmouse con data 31 de xullo de 2003, iniciándose os seus efectos o 1 de agosto de 2004.

O índice de prezos de consumo no período abril 2003 – agosto 2004, experimentou un incremento do 3,1 % segundo datos do INE que se achegan.

Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Autorizar, en execución do punto 3 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de vixilancia na unidade asistencial Cedro, adxudicado pola Comisión de Goberno en sesión do 26 de maio de 2003, a nome de Securitas Seguridad España, S.A., disposición de crédito por importe de 1.503,50 € na partida 4123.2270100 como incremento do prezo de contrato, por efecto da revisión de prezos, en función da variación do IPC nacional no período abril/2003-agosto/2004.

Segundo: Aprobar o importe da segunda anualidade do contrato que, para o período agosto 2004-agosto 2005, ascende a un total de 50.003,50€ “

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14.(1478)- UTILIZACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL SITO EN DR. COBRAL Nº 21 PARA UBAS TEIS E LITORAL. EXPTE 11120/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social conformado polo o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, o concelleiro delegado de Facenda e a Interventora xeral, que di o seguinte:

Segundo información facilitada polo servizo de Participación Cidadá, o Concello dispón do baixo sinalado co nº 21 da rúa Doutor Corbal que, visitado por persoal deste departamento, reúne as condicións idóneas para a instalación de ata dúas UBAS que coa nova distribución xeográfica serían as denominadas de Teis e Travesía (agora en R. Atienza), que pola poboación que atenden estaría mellor empregada.

Actualmente a UBAS de Teis, en Sanjurjo Badía, nº 240, atopase nun local alugado que non reúne as condicións debidas para albergar sequera unha sola unidade, por 1.014 €/mes.

Por isto parece procedente destinalo local de Dr. Corbal a UBAS e redactalo correspondente proxecto de acondicionamento para incluílo, tal e como apunta na orde de inicio o Sr. Concelleiro-Delegado, no Plan Concertado do vindeiro ano 2005 a efectos de solicitude de axuda económica para isto.

Tralo exposto, e salvo superior criterio, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Destinalo local municipal sito na rúa Doutor Corbal, 21-baixo para a instalación das Unidades Básicas de Acción Social que por distribución xeográfica sexan máis convenientes.

Encargar ós servizo da Xerencia de Urbanismo a redacción do proxecto correspondente de adaptación do baixo referido en coordinación co departamento de Benestar Social”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe e polo tanto acorda:

1º.- Destinar o local municipal sito na rúa Doutor Corbal, 21-baixo para a instalación das Unidades Básicas de Acción Social que por distribución xeográfica sexan máis convenientes.

2º.- Encargar aos servizo da Xerencia de Urbanismo a redacción do proxecto correspondente de adaptación do baixo referido en coordinación co departamento de Benestar Social.

15.(1479)- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO CLUB COMESAÑA SPORTING CLUB PARA CELEBRAR O 26º MEMORIAL BELARMINO ALONSO DE CAMPO A TRAVÉS. EXPTE 4896/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.10.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ao club Comesaña Sporting Club a celebrar o vindeiro día 5 de decembro de 2004 a 26 edición da carreira Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, que está previsto se desenvolva polo paseo do Lagares, entre a ponte da Avda. da Florida/estr. de Camposancos e a ponte de San Andres, entre as 9:30 h. e as 14:00 h..

16.(1480)- SEGUNDO PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, 2004-2007. EXPTE. 1802/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-propsota da técnica en funcións da Oficina da Muller, de 19.11.04, conformado pola concelleira de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o texto e a implementación do “II Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres 2004-2007”, que consta no expediente, co que o Goberno municipal procura unha resposta eficaz a esta demanda social de xustiza.

17.(1481)- CONTRATACIÓN DE MONITORES/AS PARA O PROGRAMA “EU TAMÉN SEI” ANO 2004. EXPTE 1780/224.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da técnica en funcións da Oficina da Muller, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, o concelleiro de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Unha vez revisados os proxectos presentados á convocatoria, relacionados na certificación da Xefa do Rexistro Xeral do Concello de Vigo de data 3 de agosto de 2004, que se achega , acórdase excluír os que de seguido se dín:

a-) Por non cumprir os requisitos necesarios para a presentación da oferta no rexistro xeral do concello, tal e como se establece no Art. 80 párrafo 4º do Regulamento Xeral da ley de Contratos da Administración Pública

Proposta:

- MOVIOCIO S.L.

b.-) Por non acreditar documentalmente a formación académica, titulación e experiencia das/os monitores e que lles faculta para a realización dos cursos que ofertan Base 5ª párrafo 3

Número de proposta:

33.- VAN, DIVULGACIÓN CULTURAS S.L.

- Xandra beiras Bastida: “Artesanía en coiro”

37.- CCAR VALADARES:

- Miguel Pérez Otero: “Electricidade básica doméstica”

- Alexandre Furlaneto: “Iniciación e reparación de pequenos trebellos domésticos”

c.-) Por non axustarse ós obxectivos do Concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa da concellería da Muller. Base 9ª párrafo 1 e 2:

Número de proposta:

5,6,7.- Pilar Matínez Neira: “Tratamentos faciais estéticos”

12.- Mª Carmen Lamas Éstevez: “Coñecer os alimentos”

14,23.- ASOCIACIÓN DE MULLERES MONITORAS.

- Mª Pilar Fernández Pérez: “Axilidade mental e prácticas da memoria”

22.- Carmen Alicia Melero Berlanga: “ Embarazo, lactancia e seguridade”

24,25,26.- Mª Dolores Salgueiro Gramary: “Formación teórico-práctico para monitora pachwork”

29.- AULA SISIFO DE FORMACIÓN, S.L.

- Consuelo Fernández González: “Conservas caseiras de produtos vexetais”

- Consuelo Fernández González: “Elaboración de licores caseiros”

- Amalia Vicente Alvarez: “Elaboración de licores caseiros”
- Amalia Vicente Alvarez: “Conservas vexetais de excedentes agrícolas”
- Dolores Alonso Lorenzo: “Masaxe básico e estético”

37.- CCAR VALADARES

- Ainhoa Sánchez Vidales: “Sevillanas para mulleres”
- Ana Mª García Rodríguez: “Patinaxe artística”
- Ana Bautista Díaz: “Bailes latinos e de salón-Nivel I”
- Ana Bautista Díaz: “Bailes latino e de salón-Nivel II”
- Ana Bautista Díaz: “Baile moderno-Nivel I”
- Mª Natividad Vila Costas: “Curso de perfeccionamento de informática”
- Clara Rosa Moralejo Moralejo: “Creatividade e relaxación. Perfeccionamento”

2º.- Excluir a relación de propostas que non foron seleccionadas para o primeiro cuatrimestre dos cursos por ningunha das entidades participantes no programa, sen que esto impida que se seleccionen para o 2º cuatrimestre, que serán obxecto doutro expediente e que se realizará xa no ano 2005:

- 1.- Helena Pérez Posada: Iniciación ó baile tradicional e Iniciación á percusión e canto tradicional
- 2.- Mónica Bar Cendón: A realidade desde a prensa: qué contan os periódicos
- 3.- Belén Abalde Iturbe: Nós tamén en inglés
- 4.- Sara Inés Valpe: Saúde e rehabilitación con enerxía e A maior información menos discriminación
- 5,6 e 7.- Pilar Martínez Neira: Shiatsu, iniciación ás técnicas de masaxe para mellorar a saúde e o benestar
- 8.- Fervellos CB: Iniciación á pintura creativa: óleo, acuarela e carboncillo
- 9.- Sonia Montenegro Guerrero: Aplicación da informática ó fogar: iniciación
- 10.- Gabinete de psicoloxía Ograma,SC: ¿En que pensan as mulleres? Pensar, sentir e faer do xénero feminino
- 11.- Delia Ocampo Docampo: Encaixe de palillos
- 12.- Mª Carmen Lamas Estévez: Coñecer os alimentos, inglés sinxelo, pasta de sal, figuras decorativas, esmalte en frío, pintura sobre madeira e pintura artística
- 13.- Andrea L. Digiorgio Breard: Tapicería e outros complementos, confección de cortinas, lámparas, etc.
- 14 e 23.- Asociación de Mulleres Monitoras:
 - Mª Pilar Fernández Pérez: Axilidade mental e prácticas de memoria
 - Mª José Tarrío Aba: Iniciación á arte floral (artificial), Iniciación á arte floral (flora natural)
 - Mª J. Mar Fernández González: Tapicería do fogora e iniciación e perfeccionamento do patchwork
 - Ana González Grande: Confección para a decoración
 - Sandra Álvarez Riesgo:Iniciación ó sep, Aeróbic, tonificación e relaxación e Ximnasia de mantemento e ximnasia suaves
 - Mª Teresa García Fuertes: Complementos de encaixe
 - Nélida Rodríguez Rodríguez: Pintura artística-óleo/acuarela/acrílico/pastel, Pintura-decoración de marmolinas/resinas/cristal

- Aurelia Costas Pumar: Iniciación e perfeccionamento do patchwork e decoración do fogar
- Silvia Rocha Acuña: Resolución de conflitos:aprendendo a comunicarse cos demais e pon a cabez a funcionar.Axilidade mental
- Marta Hermida Martínez: Resolución de conflitos:aprendendo a comunicarse cos demais, Pon a cabeza a funcionar.Axilidade mental e Expresión corporal e musicoterapia
- 15.- Norma R. Capón Gómez: Decora pintando xabóns, madeira, escaiola, ieso, cerámica e serás feliz
- 17.- Mónica Calvo Serrano: Adestramento da memoria, Traballando a intelixencia emocional e Atención e memoria
- 18.- María R. Cerdeira Fernández: Achégate á arte
- 19.- Rosario Gonda Ferragine: Prevención de lesións e dores de costas e Masaxe e saúde
- 20.- M^a Carmen Clavería Prada: Potenciando a saúde
- 21.- Comunik-T.Consultora de comunicación e rr.pp:
 - Nuria Tobío Fernández, M^a Isabel Míguez González e Alejandro López Casal: Habilidades protocolarias: a importancia do saber estar e Como falar en público
- 22.- Carmen A. Melero Berlanga: Deisa de fumar, Se eu estou ben, a miña familia tamén, Orientación para a busca de emprego, Resolución de conflitos, Vivindo a miña sexualidade, Memoria e axilidade mental e Aprendendo a respirar e relaxarse
- 24,25 e 26.- M^a Dolores Salgueiro Gramary: Manualidades con teas, Retacería artesá (patchwork).Iniciación, Retacería artesá (partchwork).Perfeccionamento e Formación teórico práctico para monitora de patchwork
- 27.- Alecrín:
 - Belén Vázquez Núñez: Cómo mellorar a comunicación e Busca activa de emprego e orientación laboral
 - Lilia del C. Avello López: Obradoiro de iniciación ás técnica do contaconto e animación á lectura
 - Carmen Fernández Sanpedro: Obradoiro de creación literaria (iniciación)
- 28.- M^a Teresa Núñez Freire: Habilidades personais para a busca de emprego e Habilidades sociais para a mellora da autoestima
- 29.- Aula Sísifo de Formación,S.L:
 - M^a Josefa Gallego González: Artesanía do coiro/iniciación/perfeccionamento
 - Marcela D´Ambrosio: A saúde integral da muller
 - M^a Luisa Prado López: Aeróbic
 - Rosa A. Araujo Hernández: Catedrais, mosteiros e templos galegos e As cidades galegas na historia
 - Rita Ibarreche Garza: A creatividade persoal a través da cámara fotográfica e Iniciación á fotografía en branco e negro
 - Amalia Vicente Álvarez: Principios de mecánica do automóvil
 - Eva Vila Barros: Facendo teatro
 - Elvira González Solla: Álbum de recordos
 - Ana M^a Müller Aparicio: Terapia e creatividade a través das artes
 - Emna Delgado Jorge: ¿Quen coia ás cuidadoras? e Renacer dunha mesma ¿cómo disfrutar da menopausia?

- Paula Gulias Vidal: Respostas na idade madura
- Nieves Díaz Arbones: Terapia a través do movemento: osteopatía
- Leticia Cerqueiro Alvareña: Ioga para todas
- Mercedes Calvo González: Arranxo floral
- Jovita Alonso Álvarez: Arranxo floral
- Andrea Alonso Duarte: A educación hoxe ¿cómo evitar a discriminación de xénero?
- Eva M^a Gutierrez Alonso: Actualización cultural, Relaxación e Comunicarnos mellor
- Karina Mouriño Espiñeira: Tratamento creativo de fotos persoais e Pintura en vidro
- M^a Jesús Bendaña Rodríguez: A importancia da comunicación: claves para melloralala
- M^a Isabel Puch Rial: Pintura en tea
- M^a Pastora González Rodríguez: Encaixe de palillos
- M^a Carmen Bendaña Rodríguez: Encaixe de palillos
- Susana Sobral Vega: Decoración da madeira, Recuperación e restauración de obxectos de madeira e Iniciación a cerámica
- Anglélica Lafuente Pérez: Restauración de mobles
- Concepción González Mosquera: Recuperación de obxectos desbotados, Restauración de mobles e obxectos de madeira

30.- Purificación Pérez González: Edificios históricos de Vigo, Xacobeo 2004. Lugar de encontro, Arquitectura popular da Galicia rural, Camiños da nosa cultura: castros, rutas do románico, centros históricos, museos, balnearios, pazos e mosteiros e Pazos e mosteiros galegos

31.- Guadalupe García Fernández: Marquetería aplicada ó carei, nácar e concha, Repuxado de metais (prata, estaño, latón, pergamán) e flores de xavon, Diferentes técnicas ornamentais aplicadas sobre o cristal (tallado, pintado e ácido) e Decoupage e tridimensional (recortes de imaxes impresas)

32.- Josefina Alonso Alonso: Arranxo floral contemporáneo

33.- Van divulgación cultural, S.L.:

- María Domínguez Serantes: A muller na historia da arte
- Sandra Beiras Bastida: Manterse en forma. Artesanía en coiro. Potenciar a saúde a través do estiramento e a masaxe
- Loreto Raya González: Vigo fai séculos
- Elisa Pereira García: Museos e equipamentos culturais en Vigo, Arquitectura tradicional en Vigo
- Cristal Fernández Cabezas: Descubre a natureza de Vigo, Obradoiro de papel artesanal e Obradoiro de ecoloxía na vida cotiá
- Iria Piñeiro Santos: Achégate ó teatro

34.- M^a Carmen Núñez Riobó: Técnicas de saúde e benestar, Inglés de supervivencia I e II

36.- Michelle Inniss: Lingua inglesa e muller

37.- Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares:

- Ainhoa Sánchez Vidales: Exercicio físico e saúde. O exercicio de vivir, Aeróbic para mulleres
- M^a Consuelo Vilasánchez Muñoz: Como mellorar a comunicación co outro sexo, Habilidades sociais e Técnicas de relaxación e autocontrol emocional
- Natividad Vila Costas: Informática básica (word, excel/access), Iniciación ó mundo de internet, correo electrónico e páxinas web

- Marcos Pérez Otero: Sistemas de seguridade e confort do automóvil e Introdución á mecánica do automóvil
- Clara R. Moralejo Moralejo: Creatividade e relaxación (iniciación)
- Alexandre Furlaneto:Iniciación á reparación de avarías informáticas
- Domingos Comesaña: Básico de reparacións de motos e outros trebellos domésticos (mecánicos)

3º.- Autorizar o gasto por importe global de 36.235.-euros, distribuídos do seguinte xeito: 26.235.- euros con cargo ó “A” número 28957 da partida 463.2.226.06.00 do vixente presuposto para facer fronte os gastos dos cursos (26.235 euros) e 10.000.- euros, con cargo ó “A” número 28973 da partida 463.2.226.02.00 do vixente presuposto para facer fronte á campaña de publicidade e propaganda do programa, ó abeiro do disposto no art. 166 da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4º.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de asistencia técnica, de conformidade co previsto no art. 176 do RDL 2/2000 de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e ó artigo 72 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas e ás bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento de proxectos e actividades para o programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei 2004-2005”, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2004, co obxecto de contratar as/os monitoras/os que impartirán os cursos e campaña de publicidade do programa da Concellería da Muller “Eu tamén sei”, no que resta do ano 2004 con:

- Helena Pérez Posada (1) NIF: 36.121.129 C
Curso: Perfeccionamento á percusión e canto tradicional
Horas: 15 horas
Vogalías: Casco Vello, Sampaio e AC Xestas
Contía: 1.485.-euros
- Mónica Bar Cendón (2) NIF: 36.048.101 V
Curso: Ximnasia terapéutica e amena
Horas: 15 horas
Vogalías: Cabral-Feira e Fonte do Galo
Contía: 990.- euros
- Pilar Martínez Neira (5,6,7) NIF 35.990.179 D
Curso: A masaxe terapéutica
Horas: 15 horas
Vogalías: Candeán e AM Accedo
Contía: 990.-euros
- Mª Carmen Lamas Estévez (12) NIF 34.605.370 F
Curso: Retacería artesá

Horas: 15
Vogalías: San Paio Navia e Val do Fragoso
Curso: Pintura sobre tecidos
Horas: 15
Vogalías: Alcabre
Contía: 1.485.-euros

• Andrea L. Digiorgio Breard (13) NIF 36.172.943 S
Curso: Restauración de mobles
Horas: 15
Vogalías: Cto. Victoria
Contía: 495.-euros

• Asociación de Mulleres Monitoras (14,23) NIF G-36.777.613
Nome Monitora: M^a José Tarrío Aba
Curso: A arte floral para o nadal
Horas: 15
Vogalías: CCR Cabral e Freixeiro
Nome Monitora: M^a Mar Fernández González
Curso: Decoración do fogar
Horas: 15
Vogalías: Zamáns
Nome Monitora: Aurelia Costas Pumar
Curso: Tapicería do fogar
Horas: 15
Vogalías: Torrecedeira
Nome Monitora: Silvia Rocha Acuña
Curso: Expresión corporal e musicoterapia
Horas: 15
Vogalías: AM Dorna e Lúa
Nome Monitora: Nieves Díaz Arza
Curso: Pintura en tea, seda, estencil
Horas: 15
Vogalías: Teis
Curso: Esmalte en frio
Horas: 15
Vogalías: Matamá
Curso: One-stroke multicarga do pincel
Horas: 15
Vogalías: AM R. Castro
Curso: Marquetería de carey, etc

Horas: 15

Vogalías: As nosas rúas

Contía: 4.950.-euros

- Marisol Rodríguez Fernández (16) NIF 36.088.127 T

Curso: Tai-chi ximnasia china para a saúde e a lonxevidade

Horas: 15

Vogalías: San Miguel de Oia, Outeiro e El Olivo

Contía: 1.485.-euros

- Mónica Calvo Serrano (17) NIF 36.083.616 C

Curso: Habilidades sociais

Horas: 15

Vogalías: Agarimo, San Roque e Casa das Mulleres

Curso: Aprender a vivir

Horas: 15

Vogalías: Doutor Fleming

Contía: 1.485.-euros

- Josefina Alonso Alonso (32) NIF X-0235451 T

Curso: Arranxo floral outonal e de nadal

Horas: 15

Vogalías: Camiño Vello

Contía: 495.-euros

- Van divulgación cultural,S.L (33) NIF B-36.917.201

Nome monitora: Loreto Raya González

Curso: Vigo e o mar

Horas: 15

Vogalías: Amigos del Rocío

Nome monitora: Beatriz Ojea Martínez de la Escalera

Curso: Tardes de cine

Horas: 15

Nome curso: Mulleres pintoras

Horas: 15

Vogalías: O´Freixo

Vogalías: Unión e Amistade

Contía: 1.485.-euros

- Susana López Coronado Carnero (35) NIF 36.071.856 J

Curso: O que deberíamos saber, pero ninguén nos contou

Horas: 15

Vogalías: Sordos

Contía: 495.-euros

- Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares (37) CIF G-36.617.082

Nome monitora: Ana M^a García Rodríguez

Curso: Ximnasia para mulleres de idade avanzada

Horas: 15

Vogalías: Valladares

Contía: 495.-euros

- Aula Sísifo de Formación,S.L (29) CIF B-36.888.220

Nome monitora: Patricia Comesaña Alvarez

Curso: Artesanía en coiro

Horas: 15

Vogalías: Lavadores

Nome monitora: Sandra Graciela Verba

Curso: Autoestima-identidade-saúde

Horas: 15

Vogalías: Salgueira e AAA EPA

Nome monitora: Marcela D´Ambrosio

Curso: Intelixencia emocional e resolución de conflitos interpersoais

Horas: 15

Vogalías: UNAE

Nome monitora: M^a Luisa Prado López

Curso: Corpo en movemento

Horas: 15

Vogalías: AM Bouzas e Pardavila

Curso: Aeróbic

Horas: 15

Vogalías: AM Xestas

Nome monitora: Consuelo Fernández Gonzáles

Curso: Electricidade na vivenda

Horas: 15

Vogalías: A Paz e Coruxo

Nome monitora: Dolores Alonso Lorenzo

Curso: Coidados do corpo e masaxe relaxante

Horas: 15

Vogalías: San Xurxo

Nome monitora: Ninoska Machín Martínez

Curso: Ioga
Horas: 15
Vogalías: Rúas e Fontes
Nome monitora: Leticia Cerqueiro Alvariña
Curso: Achégate ás artes orientais coa práctica do Tai-chi
Horas: 15
Vogalías: As Fontes
Nome monitora: Karina Mouriño Espiñeira
Curso: Mosaicos
Horas: 15
Vogalías: Helios

Nome monitora: M^a Jesús Bendaña Rodríguez
Curso: A importancia do traballo mental e autoestima
Horas: 15
Vogalías: San Xoan Poulou
Nome monitora: M^a Carmen Ledo Rodríguez
Curso: Iniciación á cestería
Horas: 15
Vogalías: Sárdoma e Castrelos
Nome monitora: Angélica Lafuente Pérez
Curso: Tapicería
Horas: 15
Vogalías: Beade e Abaris
Nome monitora: Concepción González Mosquera
Curso: Técnicas de decoración e embellecemento de mobles e obxectos de madeira
Horas: 15
Vogalías: Bouzas
Contía: 9.405.-euros

• Puvlis Publicida,S.L

CIF B-36.637.627

Contía: 10.000.- euros

18.(1482)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZAICÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 02307/320.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación Cidadá, do 8.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o texto do “ Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, CIF.- G-36646545, para o uso e realización de actividades no Centro Cívico de Teis no período anual comprendido dende o 01.09.04 ao 31.08.05.

2º.- Autorizar e dispor un gasto por importe de 40.748 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio a favor da Asociación de Veciños de Teis, con cargo á bolsa de vinculación da partida orzamentaria de Participación Cidadá 463.1.2270602; dos cales 16.300 € serán aboados con cargo o orzamento do presente ano, e 24.448 € restantes con cargo o orzamento do ano 2005.

3º.- Delegar a sinatura do Convenio na Concelleira delegada da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Dª Lucia Molares Pérez.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS

En Vigo, na Casa do Concello, o día de de 2004,

REUNIDOS

Dunha parte, Dona. Lucia Molares Pérez, Concelleira da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local por decreto de delegación de data 02.01.2004 e en representación do Excmo. Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Vigo, praza do Rei s/n, e delegada para este acto por acordo da Xunta de Goberno Local de data.....

Doutra parte, D. Avelino Gómez Quirós, con NIF.-36.002.854-B, en nome e representación, como presidente, da Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545), con domicilio social na rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo,

EXPOÑEN

1º.- O Concello de Vigo dispón no barrio de Teis dun Centro Cívico; infraestrutura sociocomunitaria de proximidade ao cidadá, destinada a cubrir a iniciativa social, cultural, educativa e comunitaria no sentido mais amplo do termo, onde o cidadá establece as súas primeiras demandas, posibilitando un lugar aberto de información, formación e ocio para todo o conxunto da poboación.

Nel ofértanse diversos programas e servizos que permiten crear unha dinámica que favoreza a intercomunicación e a participación activa dos veciños e usuarios, así como a creación e mantemento de hábitos saudables de ocio. Espazos integrados e integradores

2º.- A Asociación de Veciños de Teis, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, 09.09.04, manifesta as carencias que ten no barrio para desenrolar un programa de actividades que se achega xunto coa solicitude, e que vai dirixido a dinamización da vida cidadá como un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a cidadanía. Neste sentido, achega un programa de actividades anual que permita asegurar o necesario desenvolvemento do barrio a través da potenciación das distintas actividades de carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade.

3º.- Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, mediante este convenio, establecen os cauces de colaboración na planificación e programación xeral do Centro Cívico de Teis e nas actividades e proxectos concretos que desa planificación e programación deriven, así como respecto ó mantemento e conservación do inmovible. A tal efecto, e co obxecto de materializa-la presente declaración.

MANIFESTAN

Que coñecen e comparten os obxectivos expresados no programa que se adxunta o presente documento, polo que actuando ámbalas dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, acordan subscribi-lo presente convenio conforme as seguintes cláusulas:

CLÁUSULA PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É o obxecto deste convenio establece-las bases de colaboración na organización e execución dos programas de actividades que, na dotación municipal denominada “Centro Cívico de Teis” emprazada no Camiño de Maceiras, nº 2 da cidade de Vigo, pretende levar a cabo a Asociación de Veciños de Teis segundo a memoria que se achega a este documento como anexo 1º, asemade neste regulanse as condicións de uso, mantemento e conservación da infraestrutura municipal e se concreta a a aportación económica municipal necesaria para a consecución dos fins previstos.

CLÁUSULA SEGUNDA: FINALIDADES DO CENTRO CÍVICO

1ª.- Ofrecer actividades, servizos e recursos para a poboación en xeral, e especialmente para os veciños do barrio de Teis, establecendo unha programación estable que vele porque esta oferta sexa plural, innovadora, de calidade e aberta a novas propostas. Esta programación contemplará as ofertas existentes no barrio e as de outros axentes socioculturais, velando pola complementariedade.

2ª.- Fomentalo asociacionismo. Para elo o centro cívico ofertará recursos infraestruturais, materiais, técnicos e de asesoramento as entidades do territorio para facilitar e mellorar o seu desenvolvemento habitual. Doutra banda o centro cívico potenciará os encontros de persoas con intereses comúns fomentando a creación de novos colectivos formais ou informais sen ánimo de lucro.

3ª.- Fomentar a participación cidadá nas diferentes actividades do centro, así como estimular que persoas ou grupos fagan propostas de novas actividades ou proxectos e den a súa opinión sobre cuestións xerais que afecten o funcionamento do equipamento.

4ª.- Participar na dinamización cultural do barrio. O Centro cívico non ha de ofertar tan só unha programación de actividades no interior do edificio, se non que ha de contribuír na medida do posible en iniciativas externas que se xeneren no barrio e dotar, dentro das dispoñibilidades, soporte as diferentes actividades de entidades ou grupos, e cubrir aquelas necesidades socioculturais nas que traballe calquera outro axente, evitando en todo momento que a programación do equipamento compita ca oferta de actividades das diferentes entidades do barrio

5ª.- Contribuír a desenrolar valores de respecto, solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.

CLÁUSULA TERCEIRA: VIXENCIA

A duración do convenio será dun ano, a contar dende o 1 de setembro do 2004. De non existir denuncia expresa previa do convenio dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, e de común acordo entre as partes, poderáse prorrogar a vixencia por períodos anuais, mediante acordo expreso no que se recollan os novos programas e proxectos a desenvolver nese período, así como as actualizacións e revisións que procedan.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de tres anos.

CLÁUSULA CUARTA: PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

O centro cívico ademais de ofrecer unha programación de actividades de carácter xeral terá unha especialización temática baseada en tres eixes principais: asociacionismo, novas tecnoloxías da comunicación e información, promoción da cultura popular.

CLÁUSULA QUINTA: ESPAZOS E USOS

Dentro da infraestrutura empranzanse os seguintes espazos destinados, xunto co seu equipamento e instalacións, á prestación dos seguintes servizos:

EDIFICIO DE SERVIZOS:

Planta semisoto:

- Unha sala de reunións polivalente.
- Un taller de cociña.
- Un despacho de administración e xestión.

Planta baixa:

- Un centro de atención municipal (CAM).
- Unha oficina de administración e xestión.
- Unha sala relacional e de encontro.

Planta primeira:

- Unha infoteca (aula de novas tecnoloxías de comunicación e a información).
- Dúas aulas de formación.
- Unha sala de estudos/biblioteca.

Planta segunda:

- Unha documenteca asociativa.

AUDITORIO:

- Un auditorio-teatro.
- Unha sala de conferencias.
- Unha sala de exposición temporal.
- Dúas cabinas de control de luz, son e imaxe.
- Unha taquilla para despacho de entradas.

OUTRAS INSTALACIÓNS:

*Pista polideportiva ao aire libre, actualmente en construción.
Parque infantil.*

Os espazos adicados a Servizos de xestión municipal directa: Centro de Atención Municipal, Documenteca Asociativa e aula de novas tecnoloxías, serán considerados como centros de custo diferenciado e por tanto, non serán imputable ao presoposto xeral do centro, quedando fora do ámbito de aplicación do presente convenio.

CLÁUSULA SEXTA: DEREITOS E OBRIGAS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS.

1ª.- A Asociación de Veciños de Teis comprométese á organización e execución do programa e proxectos que se achegan como anexo ao convenio, co fin de destinar esta infraestrutura a os fins de interese xeral e social en beneficio dos intereses xerais dos veciños e sectoriais da asociación.

2ª.- Estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera danos que poida ocasionar ó local polos actos u omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506 euros.

3ª.- Contratará unha póliza de seguro de incendio e roubo para o continente e contido.

4ª.- Farase cargo dos gastos derivados da programación das actividades en xeral e en particular aqueles de mantemento e conservación das infraestruturas, así como os consumos de teléfono que teña o centro, consumibles e papel da fotocopiadora, no seu funcionamento xeral.

5ª.- Contratar a necesaria asistencia técnica para o manexo da maquinaria escénica, equipos de luz e son e audiovisuais do auditorio-teatro, derivada da programación dos actos propios como do resto de entidades usuarias do centro.

6ª.- Presentará ó Concello de Vigo, ó través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final, xunto co balance anual de xestión e económico, así como o inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

7ª.- Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.

8ª.- Informar e implicar as diferentes entidades do barrio no proxecto do centro e na súa xestión.

9ª.- A Asociación velará polo bo uso e conservación das instalacións así como do mobiliario e do material para as actividades existentes.

10ª.- Coordinarse e colaborar cas diferentes entidades e grupos do barrio para a realización de actividades.

11ª.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados do desenvolvemento das actividades.

12ª.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

13ª.- Comezar as actividades á hora anunciado ao público, comprobando ca antelación suficiente o correcto funcionamento das instalación e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

14ª.- Devolver os espazos cedidos, o seu equipamento e instalacións, nas mesmas condicións da entrega. A tal fin, velará polo bo uso e conservación das instalacións cedidas, así como do mobiliario e do material necesarios para as actividades, restituindo as perdas ou deterioros do material e instalacións.

15ª.- Facilita-las actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puideran realiza los técnicos do Concello, quedando na obriga de facilitar canta información se lles solicite.

CLÁUSULA SÉTIMA: OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO.

1ª.- Determinar segundo o proxecto presentado pola Asociación de Veciños de Teis e supervisado pola Comisión de Seguimento, a aportación económica para as actividades programadas no centro, tendo en conta o grao de cumprimento do programa do ano anterior.

2ª.- Aportar o material, mobiliario e infraestructuras necesarias para un correcto funcionamento do equipamento.

3ª.- Facerse cargo dos gastos de mantemento das zonas axardinadas, instalacións fixas (elevador, sistemas de protección contra incendio, roubo e intrusión, grupo electrógeno, aire climatizado), Vixiancia e Seguridade, Limpeza, consumo de auga, administracións de electricidade que teña o centro no seu funcionamento xeral. Asemade será por conta do Concello o gasto da liña ADSL e mantemento dos ordenadores da aula de informática á un importe máximo de 5.500 €, e papel da fotocopiadora á un máximo de 30.000 uds.

4ª.- Asumilos gastos de investimento non ordinario para obras de mellora, conservación e mantemento das infraestructuras do Centro Cívico. Así como a adquisición e modificación das instalacións e aparatos de control dos subministro que sexan necesarios incorporar para garantir o bo funcionamento das prestacións.

CLÁUSULA OITAVA: DESTINATARIOS

As actividades con cargo ó presente convenio destinaranse ao público en xeral. O acceso as actuación será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren. Non obstante, as actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...).

Neste último caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.

CLÁUSULA NOVENA: COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE

O Centro Cívico de Teis terá unha imaxe corporativa e de estilo propia. En toda a información gráfica editada, relacionada coas actividades programadas, figurarán como mínimo os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá e da Asociación de Veciños nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía que cada unha delas achegue.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.

A concelleira/o de Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.

Do orzamento de cada unha das actividades deberá adicarse un mínimo dun 10% do seu gasto a sistemas de difusión e información das mesmas.

De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares ó Concello.

A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Participación Cidadá.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

CLÁUSULA DÉCIMA: OUTRAS FUNCIONS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS

1ª.- A xestión da cesión temporal en uso dos espazos comúns e material auxiliar do centro a toda a cidadanía e entidades públicas ou privadas conforme a os criterios establecido nas normas de réxime interno. Exclúese da cesión, a realización de actividades con ánimo de lucro, as da venda directa, indirecta ou promoción de artigos de consumo, e as que atente contra os principios constitucionais e dereitos humanos.

Non se poderá retirar o material auxiliar do centro sen a previa autorización escrita da Concellaría de Participación Cidadá.

2ª.- Xestionar os permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

3ª.- Ofrecer soporte técnico e asesoramento os proxectos e actividades de carácter sociocultural a outras Entidades, facilitándolle a súa realización no centro cívico.

CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA: HORARIO

O centro permanecerá aberto 55 horas e trinta minutos semanais, de luns a venres: de 9,00 a 13:30 e de 17:00 a 22:00 horas, sábados de 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 22,00 horas, excepto os festivos. Consideraranse períodos de vacacións aqueles que así se determine polo calendario oficial e concretamente o mes de agosto, o nadal e a semana santa.

O marxe deste horario de apertura do equipamento, este poderase utilizar fora do horario habitual, previa autorización dos órganos de xestión do centro. Este tipo de uso e procedemento a seguir quedará regulado no regulamento de réxime interno do centro.

CLÁUSULA DÉCIMOSEGUNDA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO integrada pola concelleira/o de Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia, e tres vocais: un funcionario adscrito a dita Concellería, e dous a membros da Xunta directiva da Asociación de Veciños de Teis.

Actuará como Secretario da Comisión un representante da Asociación de Veciños de Teis, membro da xunta directiva, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria tódolos trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co su voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar e propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación do programa ou proxecto de actividades que elabore a Asociación de Veciños para cada anualidade no que en todo caso figurará unha Memoria e un presuposto.*
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- c) Propoñer ó Concello os traballos necesarios de mantemento e conservación do inmovible.*
- d) Controla-lo bo estado do equipamento e propoñer ó Concello as adquisicións necesarias.*
- e) Supervisar o cumprimento do programa anual de actividades do centro.*
- f) Procura-la participación doutras entidades públicas e privadas na financiación e desenvolvemento dos programas e actividades.*
- g) Elaborar un regulamento de réxime interno do centro.*

CLÁUSULA DÉCIMOTERCEIRA: USO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Os espazos que poidan cambiar de uso durante o desenvolvemento deste convenio, acordaranse pola Comisión de Seguimento.

Sen autorización expresa da Concellaría de Participación Cidadá, non se poden facer obras, modificar ou substituír instalacións, nin instalar nos balcóns, ventás e portas anuncios nin propaganda, nin instalar nin outro elemento que poida alterar a uniformidade e estética do edificio.

O Centro Cívico disporá no prazo dun ano dun regulamento de réxime interno aprobado pola Comisión de Seguimento. Este Regulamento poderá ser revisado a petición de calquera das partes asinantes do presente protocolo.

CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA: FUNCIONAMENTO ECONÓMICO.

1ª.- Para o cumprimento dos fins previstos, o Concello de Vigo, con cargo á partida 4631.2270602, concede a Asociación de Veciños de Teis, unha aportación económica polo importe de 40.748 €, do cal, 16.300 € serán aboados con cargo ó orzamento do ano 2004 e os 24.448 € restantes serán aboados con cargo ó orzamento do ano 2005, mediante transferencia bancaria á conta designada ao efecto, en base o programa anual de actividades proposto polo centro. Asemade asignará anualmente unha partida orzamentaria, definida de acordo co presuposto xeral do Concello, para atendela sucesivas prorrogas do convenio para a programación do centro e para outros gastos derivados do funcionamento do equipamento.

2ª.- Co gallo de facilita-la execución do programa, tramitarase, a petición da Asociación de Veciños de Teis, un anticipo dun 40% con cargo á totalidade da cantidade asignada (40.748 x 40% = 16.299,2 euros), que se xustificará nos 3 meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do importe liquidarase fraccionadamente en tres partes dun 20% cada unha. A xustificación das entregas a conta realizarase pola Asociación de Veciños mediante a presentación das correspondentes memorias parciais das actividades realizadas á ese momento.

3ª.- Ambal as entidades poderán obter outros ingresos provintes do patrocinio e esponsorización das actividades.

CLÁUSULA DECIMOQUINTA: PLAN CUATRIENAL E MEMORIA ANUAL

1º.- A Asociación de veciños de Teis presentará dentro do segundo semestre do presente ano, un plan director de acción e xestión do centro, referido ao período comprendido entre setembro de 2004 e agosto de 2007: análise e avaliación previa do entorno e das necesidades, programas de intervención previstos, programación e principais proxectos plurianuais, obxectivos globais e específicos cos seus indicadores, impacto previsto – sistemas de medición dos cambios acadados, tanto positivos como negativos – sistemas de avaliación e medición dos resultados, grado de eficacia e eficiencia.

2º.- Unha vez rematadas as actividades acordadas e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia de cada período do convenio, presentarase a MEMORIA FINAL xunto ca seguinte documentación e información vía Rexistro Xeral:

- Solicitud de liquidación final.
- Memoria descriptiva das actividades realizadas en cada programa, na que se conteñan os datos da programación desenvolva, participación, asistentes, memoria de prensa e comunicación, un exemplar do material gráfico editado para cada actividade, rexistros fotográfico ou audiovisuais, orzamento de gastos e ingresos por conceptos económicos da actividades e avaliación parcial e global.
- Relación de gastos efectuados por cada unha das accións acordadas cos datos do emisor da factura, núm de CIF/NIF, data, importe con todos os impostos incluídos e concepto facturado, achegando as correspondentes facturas orixinais, expedidas conforme o R.D. 1496/2003 de 28 de novembro, pola totalidade do gasto comprometido con cargo ao Concello.
- No que atinxe a realización de cursos de ocio formativo: relación dos alumnos asistentes, datos persoais e de contacto, control de asistencia contendo a sinatura dos alumnos, curriculum vitae e experiencia docente dos monitores, avaliación dos cursos polos alumnos e monitores, contidos teóricos e prácticos desenvoltos, copia do certificado de aproveitamento.
- Balance económico de exercicio.
- Copia da póliza dos seguros de responsabilidade civil, incendio e roubo.
- Inventario actualizado dos bens mobles e inmobles do Centro Cívico, deixando constancia do estado de conservación dos mesmos.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN E XURISDICCIÓN

Son causas de resolución deste convenio, ademais das consignadas legalmente, o incumprimento grave por unha das partes de calquera das súas cláusulas.

O Concello de Vigo a través da Concellería de Participación Cidadá queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

O orde xurisdiccional Contencioso Administrativo será órgano competente para resolver as controversias que poidan surxir entre as partes, unha vez esgotada a vía administrativa.

CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA: FINAL

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co contido e os efectos do presente convenio, o asinan e rubrican, por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

19.(1483)- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a MARINA ESTÉVEZ VÁZQUE EN RELACIÓN CO DESAFIUZAMENTO DE LOCAIS MUNICIPAIS DA RÚA PROGRESO. EXPTE 15107/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 7.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Pleno do Concello en sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2003, acordou o exercicio da acción de desafuzamento administrativo pola ilícita ocupación dos locais municipais nºs. 13, 15 e 20 na rúa Progreso.

Segundo.- D^a Carmen Balado Pérez, no seu nome e en representación de López e Lama, S.L., e de D^a Rosa Soriano Soares e D^a Marina Estévez Vázquez, formulan recurso de reposición contra dito acordo.

Terceiro.- En sendos escritos de 18 de febreiro requírese a D^a Marina Estévez Vázquez e a D^a Carmen Balado Pérez, para que aporten a documentación acreditativa da representación coa que actúan en nome das entidades e persoas interesadas no procedemento, así como, no caso de D^a Carmen Balado Pérez, a súa lexitimación para a interposición do recurso en nome propio. Reiterándose a petición a D^a Marina Estévez Vázquez en 5 de abril de 2004 e en 4 de maio de 2004.

Cuarto.- D^a Carmen Balado Pérez presenta copia simple dun poder xeral para pleitos outorgado por ela como apoderada da compañía mercantil “Montana-Balados, S. L.” a favor duns procuradores dos tribunais e un abogado, mencionados en tal poder.

D^a Marina Estévez Vázquez presenta escrito en 19 de maio de 2004 acreditando a súa condición de representante legal de D. Manuel Estévez Montero e a lexitimación que ostenta, o que acompaña copia simple da escritura de poder e representación outorgada polo seu pai, D. Manuel Estévez Montero, ó seu favor.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O desafuzamento administrativo é unha potestade da que gozan as Administracións públicas como medio de acadar polos seus propios medios, a execución forzosa dos actos administrativos por elas dictados, consonte as notas de executividade e executoriedade de que gozan estes, recoñecéndose dita potestade con carácter xeral no capítulo V título VI da Lei 30/92 RXAP E PAC.

No ámbito competencial das entidades locais esta facultade de execución forzosa venlle expresamente atribuída, na súa normativa reguladora, na LRBRL (art. 4.f e art. 5) e basicamente, como medio na defensa do seu patrimonio, no

art. 44.1.d do RBEL a potestade, entroutras, do desafuzamento administrativo, desenvolto o seu procedemento no título II do devandito regulamento.

Neste senso, o art. 120 establece que “a extinción dos dereitos constituídos sobre bens de dominio público ou comunais das entidades locais, en virtude de autorización, concesión, ou calquera outro título e das que houberan dado lugar, efectuarase polas Corporacións, en todo caso, por vía administrativa mediante o exercicio das súas facultades coercitivas.

Segundo.-De acordo co art. 32.3 da LRXAP para formular solicitudes, entablar recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación por calquer medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado.

D^a Carmen Balado Pérez presenta copia simple dun poder xeral para pleitos outorgado por ela como apoderada da compañía mercantil “Montana-Balados, S. L.” a favor duns procuradores dos tribunais e un abogado, mencionados en tal poder. Esta documentación non é suficiente para acreditar a representación coa que actúa en nome das entidades e persoas interesadas no procedemento, así como a súa lexitimación para a interposición do recurso en nome propio

Terceiro.- Nos seus recursos, os interesados opoñense ó exercicio da acción de desahucio administrativo, presentando as seguintes alegacións:

- D^a Carmen Balado Pérez, no seu escrito de 30 de decembro de 2003 alega que o contrato suscrito con esta Administración é de arrendamento, suxeito polo tanto á Lei de Arrendamentos Urbans, que consonte o artigo 8.5 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa a pretensión de desahucio debería plantexarse ante o órgano xudicial competente e que non procede acción algunha tendente ó desahucio ata que non se produza a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso administrativo interposto polos interesados (RCA nº 02/4279/2003).
- D^a Marina Estévez Vázquez, no seu escrito de 14 de xaneiro de 2004, alega ter ganado por silencio administrativo a suspensión do desahucio, en virtude do art. 111.3 LRXAP, xa que interpuso un anterior recurso de reposición contra o decreto da Alcaldía de 5 de xuño de 2002, no que se lle requería que puxera a disposición do concello o local municipal da rúa Progreso que ocupa, desestimado polo Iltmo.Sr.Alcalde o 20 de xaneiro de 2003, no que segundo a recorrente non se resolvía expresamente sobre a súa petición de suspensión.

No que atinxe as alegacións feitas por D^a Marina Estévez Vázquez, non resultan admisibles xa que a solicitude de suspensión quedou resolta co Deceto da Alcaldía de data 3 de xaneiro de 2003, polo que foron desestimados os recursos de reposición interpostos contra a Resolución do 5 de xunio de 2.002, sen que a presentación dun recurso contencioso-administrativo dea lugar por sí mesmo á suspensión do acordo impugnado, prevalecendo os principios xerais da executividade, efectividade e validez dos actos administrativos (art. 56, 57 e 94 da LRXAP) en tanto non medie acto xudicial acordandoa consonte o disposto nos art. 129 e seguintes da Lei 13/1998 Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa, suposto que non consta que acontecese no presente caso.

Así mesmo, de acordo co art. 111.4 a suspensión podrá prolongarse despois de agotada a vía administrativa cando exista medida cautelar e os efectos desta se estendan á vía contencioso-administrativa.

Non obstante, a suspensión supostamente gañada polo silencio administrativo sería aplicable o procedemento no que supostamente se gañou, é decir, no procedemento no que se lle efectúa requerimento de posta a disposición do

concello dos locais da rúa Progreso, non ó procedemento que nos ocupa, que ten por obxeto o exercicio da acción de desafuzamento administrativo pola ilícita ocupación dos mencionados locais.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte resolución:..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se recolle na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D^a Marina Estévez Vázquez, contra o acordo do Pleno do concello do día 24 de novembro de 2003 do exercicio da acción de desafuzamento administrativo polo ilícita ocupación dos locais municipais nº 13, 15 e 20 da rúa Progreso, ó non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos nos que se baseou dito acordo, a teor dos razoamentos anteriormente expostos.

2º.- Inadmitir o recurso de reposición interposto por D^a Carmen Balado Pérez contra o mencionado acordo do Pleno, por non acreditar a representación coa que actúa en nome das entidades e persoas interesadas no procedemento, así como a súa lexitimación para a interposición do recurso en nome propio

20.(1484)- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a M^a DE LOS ANGELES SALGADO PÉREZ EN RELACIÓN COA DESAFECTACIÓN DA FINCA SITA EN PIÑEIRO-LAVADORES. EXPTE. 16670/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Da M^a De Los Angeles Salgado Pérez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de xuño de 2004, interpoñendo recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2004 na que se desestimaba a súa solicitude de desafectación da finca denominada "Lugar de Piñeiro" sita en La Gandariña-Lavadores por estar afectada na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urban vixente.

A interesada, no su escrito de recurso, se limita a xustificar a propiedade do seu pai, Ricardo Salgado Neves, cuia representación ostenta, sobre a finca cuia desafectación pretende, incidindo sobre cuestións de propiedade e recoñecemento da mesma a terceiros, xa plantexadas durante a instrucción do expediente, e que no seu caso son de competencia da xurisdicción ordinaria, sen entrar nos razoamentos xurídicos en virtude dos cales adoptouse o acordo agora recurrido e que non son outros que a aplicación dunha cláusula acordada polo pleno desta Excma. Corporación no ano 1994, resolución que en virtude do artigo 57 da Lei 30/92 de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común se presume válida e produce efectos dende a data en que foi dictada e goza de executividade inmediata de acordo co artigo 94 da mesma lei.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ Desestimar o recurso de reposición interposto por da M^a De Los Angeles Salgado Pérez mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

21.(1485)- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ALBERTO CARIDE GUISANDE EN RELACIÓN COA DESCATALOGACIÓN DO CAMIÑO BREA-MOLINERA-LAVADORES. EXPTE. 16889/240

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Don Alberto Caride Guisande presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xullo de 2004, interpoñendo recurso de reposición contra a Resolución da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2004 na que se desestimaba a súa solicitude de descatalogación do tramo final do camiño Brea-Molinera-Lavadores por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

O interesado, no seu escrito de recurso, incide sobre cuestións de propiedade e recoñecemento da mesma a terceiros, xa plantexadas durante a instrucción do expediente, e que no seu caso son de competencia da xurisdicción ordinaria, sen entrar nos razonamentos xurídicos en virtude dos cales adoptouse o acordo agora recurrido e que non son outros que a aplicación dunha cláusula acordada polo pleno desta excma. corporación no ano 1994, resolución que en virtude do artigo 57 da Lei 30/92 de Réximen Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común se presume válida y produce efectos dende a data en que foi dictada e goza de executividade inmediata de acordo co artigo 94 da mesma lei.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Alberto Caride Guisande mantendo firme a resolución impugnada, por non resultar desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

22.(1486)- SOLICITUDE DE D^a SEGUNDA LAGO PÉREZ DE DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO CAMIÑO DAS VEIGAS. DESESTIMADA. EXPTE 16934/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.11.04, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Da Segunda Lago Pérez presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de abril de 2004, solicitando a descatalogación do carácter público dunha franxa de terreno da súa propiedade ubicada no Barrio da Carrasqueira nº 54 (agora Camiño das Veigas nº 33) sobre a que se atopa constituída unha servidume de paso, tal como consta na escritura de modificación e recoñecemento de servidume, extendida con data 24 de abril de 1974, e achegada por Dn José Comesaña Campos e por Da Carmen Pérez Fernández como predio sirvente na constitución dunha servidume no fronte das súas fincas, escritura que a interesada achega coa súa solicitude. Esta franxa de terreo figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como camiño público.

O Arquitecto municipal, tras xirar visita de inspección, presenta informe, en 2 de setembro de 2004, no que expón que o camiño está afectado na súa totalidade polas aliñacións do trazado viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entoutros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- A finca obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- A finca resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, segundo resulta do devandito informe técnico, e de acordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ Desestimar a solitude de Dona Segunda Lago Pérez, de descatalogación do carácter público do Camiño das Veigas, por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23.(1487)- SOLICITUDE DE D^a CARMEN PÉREZ FERNÁNDEZ DE DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO CAMIÑO DAS VEIGAS. DESESTIMADA. EXPTE. 16950/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Carmen Pérez Fernández presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de abril de 2004, solicitando a descatalogación do carácter público dunha franxa de terreno da súa propiedade ubicada no Barrio da Carrasqueira nº 53 (agora Camiño das Veigas nº 31) sobre a que se atopa constituida unha servidume de paso, tal como consta na escritura de modificación e recoñecemento de servidume, extendida con data 24 de abril de 1974, e achegada por Don José Comesaña Campos e por Dona Carmen Pérez Fernández como predio sirvente na constitución dunha servidume no frente das súas fincas, escritura que a interesada achega coa súa solicitude. Esta franxa de terreno figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como camiño público.

O Arquitecto municipal, tras xirar visita de inspección, achega informe, en 2 de setembro de 2004, no que expón que o camiño está afectado na súa totalidade polas aliñacións do trazado viario do Plan Xeral de Ordenación Urban vixente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinaados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entoutros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- A finca obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- A finca resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urban vixente, segundo resulta do devandito informe técnico, e de acordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.-Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ Desestimar a solitude de Dona Carmen Pérez Fernández, de descatalogación do carácter público do Camiño das Veigas, por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24.(1488)- SOLICITUDE DE D^a CARMEN MARTÍNEZ VARELA DE DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO CAMIÑO DAS VEIGAS. DESESTIMADA.. EXPTE. 16951/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Da Carmen Martínez Varela presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 23 de abril de 2004, na que expón que é titular dunha finca ubicada no Barrio da Carrasqueira nº 55 (agora Camiño das Veigas nº 35) e solicita a descatalogación do carácter público dunha franxa de terreo de propiedade privada ubicada no citado Barrio da Carrasqueira sobre a que se atopa constituída unha servidume de paso, tal como consta na escritura de modificación e recoñecemento de servidume, extendida con data 24 de abril de 1974, e achegada por Dn José Comesaña Campos e por Da Carmen Pérez Fernández como predio sirvente na constitución dunha servidume no fronte das súas fincas, escritura que a interesada achega coa súa solicitude. Esta franxa de terreo figura no Inventario Municipal de bens e dereitos como camiño público.

O Arquitecto municipal, tras xirar visita de inspección, presenta informe, en 2 de setembro de 2004, no que expón que o camiño está afectado na súa totalidade polas aliñacións do trazado viario do Plan Xeral de Ordenación Urban vixente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinaados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales como bens de uso público local, entroutros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- A finca obxeto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- A finca resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urban vixente , segundo resulta do informe técnico citado, e de acordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.-Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local .

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“ Desestimar a solitude de Dona Carmen Martínez Varela, de descatalogación do carácter público do Camiño das Veigas, por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

25.(1489)- SOLICITUDE DE D^a MARÍA PILAR RODRÍGUEZ DE ROBLES-GONZALO DE DESCATALOGACIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DA PASAXE DENDE AVDA. DE CANIDO ATA CAMIÑO DO COMBRO. DESESTIMADA. EXPTE. 15865/240

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona M^a Pilar Rodríguez de Robles Gozalo achega escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de marzo de 2003, solicitando a descatalogación do carácter público da pasaxe cuio tramo percorre por vía interior entre fincas, dende a Avenida de Canido ata o Camiño de Combro, camiño de dous metros de ancho para servizo exclusivo dos propietarios das fincas, existente dende 1940. Achega a solicitude diversa documentación e fotografías.

O Arquitecto municipal, tras xirar visita de inspección, presenta informe, en 7 de abril de 2004, no que expón que o camiño está afectado na súa totalidade polo viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Consonte o disposto no artigo 79.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia e o artigo 3 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais como bens de uso público local, entroutros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local.

Segundo.- A finca obxecto de reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público e, en su condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Terceiro.- A finca resulta afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente , segundo resulta do informe técnico citado, e de acordo co establecido no Acordo Plenario de data 30 de novembro de 1994 tódolos expedientes de rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan Xeral recolla como viario.

Cuarto.-Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de alteración da cualificación xurídica dos bens a Xunta de Goberno Local de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local .

Polo anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a solicitude de Da. Maria Pilar Rodríguez de Robles-Gozal de descatalogación do carácter público da pasaxe dende a Avenida de Canido ata o Camiño de Combro por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

26.(1490)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DUNHA PLATAFORMA ELEVADORA VERTICAL E 10 POSTOS DE ORDENADOR PARA O CENTRO SOCIOCULTURAL NA ANTIGA CASA VIEIRA EN SAIÁNS. EXPTE. 483/321

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto de plataforma elevadora vertical e 10 postos de ordenadores para o Centro Socio-Cultural na antiga Casa Vieira, redactado pola arquitecta técnica, D^a Alicia Isabel Pérez Rodríguez, o prego de prescricións técnicas do 21.09.04 asinado polo xefe do Servizo de Atención Cidadá, e conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, e o prego de cláusulas administrativas, do 2.11.04, asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación, ambos para a contratación por procedemento negociado das obras de instalación do devandito proxecto; visto o informe xurídico do 5.10.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 2.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de instalacion dunha plataforma elevadora vertical e 10 postos de ordenador para o centro sociocultural na antiga casa Vieira en Saians redactado pola arquitecto-técncio Dna. Alicia Isabel Pérez Rodríguez.

2º.- Autorizar o gasto de 43.401,16 euros para a execución das obras do proxecto de instalacion de unha plataforma elevadora vertical e 10 postos de ordenador para o centro sociocultural na antiga casa Vieira que se imputaran a partida 4631.622.00.01.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da execución das obras do proxecto de instalacion de unha plataforma elevadora vertical e 10 postos de ordenador para o centro sociocultural na antiga casa Vieira en Saiáns.

4º.- Solicitar ofertas alomenos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

27.(1491)- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS (INCREMENTO DO PREZO). EXPTE. 2527/306

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 3.11.04, conformado polo concelleiro de Medio Ambiente e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en resolución de 26-07-2004 acordou adxudicar a Servicios Medioambientais Forsai, S.L. o servizo de colaboración en materia de loita contra incendios por unha cantidade global de 30.050,61 euros.

O importe do contrato ampliouse na cantidade de 23.270 euros por acordo da Xunta de Goberno Local de 13-09-2004.

Na cláusula 5 do prego de condicións que rexeu a contratación establecíase que:

“O contrato comezará o día 15-07-2004 e rematará cando se teña esgotada a partida presupostaria dispoñible inicialmente (30.050,61 euros), no caso de que se formalice o convenio coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a participación do Concello de Vigo na loita contra incendios forestais a dotación presupuestaria incrementarase e polo tanto continuaría a prestación do contrato ate o remate de esta segunda cantidade, previa a tramitación da correspondente modificación do contrato.

Se a causa do retraso na tramitación do expediente non se poidera adxudicar antes do día 15-07-2004, a data de inicio do contrato sería a do día seguinte a aquel no que e notifique o acordo e adxudicación”

O contrato comezou o día 01-08-2004.

Asinado un novo convenio coa consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción seguinte acordo:

“Modifica-lo contrato de prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra incendios suscrito coa empresa Servicios Medioambientais Forsai, S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 26-07-2004, no sentido de incrementa-lo prezo do mesmo en 7.356 euros

O gasto que xenere o expediente poderase imputar a partida 445.0.227.06.01.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28.(1492)- PRÓRROGA DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE 15358/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 21.09.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por resolución da Alcaldía, de data 28 de decembro de 2002, acordouse adxudicar á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, - LINORSA- a limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais, propias ou arrendadas.

No prego de cláusulas Administrativas que rexeu o concurso, estaba previsto que o prazo do contrato sería de dous anos, prorrogables mediante acordo expreso do órgano de contratación se ningunha das partes denunciaba o mesmo con dous meses de antelación.

Dado que a empresa de referencia está prestando o servizo, obxecto de contratación, satisfactoriamente, cumprindo de forma axeitada co recollido no prego de condicións técnicas que rexeu a contratación, así como coas melloras ofertadas no seu día na oferta presentada ao concurso, e que o prezo actual de contratación axústase o de mercado, proponse á Xunta de Goberno Local, deste Concello, a adopción do seguinte A C O R D O

Prorrogar o contrato de limpeza da Casa Consistorial e demais dependencias en que se prestan servizos municipais, propias ou arrendadas, adxudicado á empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por resolución da Alcaldía de data 28 de decembro de 2002, ata o 31 de decembro de 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

29.(1493)- CONDICIÓN PARA O ARRENDAMENTO DO LOCAL MUNICIPAL SITO NA RÚA CARRAL Nº 29. EXPTE. 17062/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 27.10.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, o concelleiro de Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

O Concello de Vigo é propietario dun local situado na rúa Carral nº 29 dereita, cuxa propiedade lle corresponde por reversión do antigo concesionario dos mesmos, D. José Pérez Pérez, titular da Concesión outorgada polo Concello para a construción e explotación dos locais da rúa Carral.

O local anteriormente citado, estaba arrendado a D^a Josefa Costas Pérez, e, en virtude de sentenza do Xulgado de primeira instancia nº 3, declarase resolto dito contrato de arrendamento por falecemento da titular do contrato e cerre por mais de seis meses, polo que, nestes momentos o Concello de Vigo, pode facer uso do mesmo, para os fines que estime mais convenientes para os seus intereses.

Segundo informe facilitado polo servizo de Actividades e Instalacións da Xerencia Municipal, os locais da zona no que se atopa o inmovible da rúa Carral nº 29 poderán ser destinados a actividades de tipo comercial, administrativo, socio-cultural etc.

Dito local ten a calificación de patrimonial, estando o concello interesado na rentabilización do mesmo, por orde do Concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, de data 9 de agosto de 2004, iniciouse o presente expediente de arrendamento do mesmo.

O arrendamento de bens das entidades Locais, que contan coa calificación de Patrimoniais, está previsto no artigo 92 do Regulamento de bens das entidades Locais, prevéndose, que a preparación e adxudicación rexerese pola normativa reguladora de contratación das entidades locais, neste Caso Lei de Contratos das Administracións Públicas, e en canto á súa execución e rescisión seralle de aplicación a Lei de Arrendamentos Urbans de 1994.

No mencionado artigo 92 do Reglamento de Bens recóllese, así mesmo, que se a duración do contrato é superior a 5 anos, ou o seu importe superior o 5% dos recursos ordinarios do Concello, será necesaria a realización de subhasta pública para a contratación, no suposto que nos ocupa, non concorren ningunha das anteriores circunstancias.

Con respecto ao contrato de arrendamento que se pretende levar a cabo, na vixente Lei de Patrimonio das Administracións públicas, no seu artigo 107, que ten o carácter de lexislación básica, prevé que os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por concurso salvo, que, polas peculiaridades dos bens , a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa.

Con respecto o mencionado na disposición anterior, enténdense que o procedemento de contratación por concurso, non procede, dada a reducida extensión do local e o destino con arranxo á ordenación urbanística, xa que non existe ningún criterio obxectivo de entidade, ademais do reducido prezo, que poida esgrimirse para xustificar dito procedemento por concurso, polo que estímase que dada a singularidade do negocio a concertar, xustifícase a contratación directa, ó que no texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas, se denomina procedemento negociado sen publicidade.

Polo anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Arrendar, mediante procedemento negociado, o local de propiedade Municipal, situado na rúa Carral nº 29, de acordo coas seguintes condicións:

Primeiro.- As actividades que poderán desenvolverse en dito local, segundo informe da Xerencia municipal de Urbanismo, serán as seguinte:

- 05 Industrial: Obradoiro artesanal.
- 08 Comercial: Locais planta baixa, soto.
- 10 Administrativo: oficinas.
- 19 sociocultural- recreativo (establecementos de hostelería en xeral).

- 30 Servicios instalacións (servicios xerais de infraestrutura: auga, saneamento, electricidade, telecomunicacións e outros de similares características).

Segundo.- Establécese como prezo contractual a cantidade de 150 euros mensuales/ mínimo.

Terceiro.- O presente contrato terá unha duración de cinco anos, podéndose prorrogar por anualidades, mediante acordo expreso do órgano competente, ata un máximo de 10 anos de duración total da contratación.

Non obstante, tanto o prazo como as súas prórrogas axustaranse ao disposto na normativa específica deste tipo de contratos, Lei de Arrendamentos Urbanos de 1994.

Cuarto.- A prezo contractual será obxecto de revisión, transcorrido un ano de adjudicación do contrato, mediante a aplicación do incremento ou diminución do IPC da anualidade anterior.

Quinta.- As proposicións presentaranse na oficina do Rexistro Xeral, de 9 a 13 horas, ou por correo na forma legalmente establecida, dentro do prazo dos 15 días naturais seguintes á publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia.

Sexta.- As propostas presentaranse en dous sobres pechados, que tamén poderán ser lacrados e precintados, que levarán os seguintes datos:a) Contrato de arrendamento do local na rúa Carral, b) Nome da persoa física ou empresa que presenta a oferta, c) lugar, data e signatura do licitador.

Sobre 1, titulado “Documentación administrativa”, conterá o seguinte:

- a) Documento Nacional de Identidade da persoa asinante da proposición.
- b) Persoas Xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación aplicable.
- c) Escritura de poder se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastantada polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado da corporación.
- d) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido:

- 1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño.
- 2.- Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas cando exerzan actividades suxeitas o imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.
- 3.- Estar ao día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13,15 e 16 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
- 4.- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social co alcance previsto nos artigos, 14, 15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro.
- 5.- Non ter débedas de carácter Tributario co Concello de Vigo.

Sobre 2.- titulado “Documentación técnica e proposta económica”.

Proposición económica, de acordo co seguinte modelo:

D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de.....), enterado do concurso convocado polo Concello de Vigo para o arrendamento do local de propiedade municipal, sito na rúa Carral nº 29, solicita a súa admisión o mesmo e fai constar:

1.- Que acepta integramente as bases que rexen o concurso.

2.- Propón como prezo mensual do contrato de aluguer o de.....euros.

Lugar data e sinatura do licitador.

Sétima.- A apertura de proposicións presentada terá lugar ás dez horas do primeir luns seguinte o día de remate o prazo de presentación das proposicións, na Casa Consistorial e ante a Mesa de Contratación do Concello de Vigo. Se coincidise en día non hábil o de apertura de proposicións ou se por causa de forza maior non puidera celebrarse, está terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

Oitava.- Corresponderá a adxudicación definitiva ao organo de contratación, a tal fin, resolverá en orde á proposición mais ventaxosa, tendo en conta os criterios da cláusula anterior.

Novena.- O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo, poidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do otorgamento da escritura.

Décima.- Para o non previsto neste prego de condicións, estarase ao disposto na Lei de bases de réxime local, R.D.L.781 de 18 de abril, Lei de administración local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, Reglamento de bens da entidades locais e a recente Lei de patrimonio das Administracións Públicas.

Dada a natureza privada da presente contratación, seralle de aplicación, en canto á execución e extinción do contrato a normativa propia do mesmo, en este caso Lei de arrendamentos urbanos de 1994.

30.(1494)- AUTORIZACIÓN Á TÉCNICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS PARA A UTILIZACIÓN DO SEU VEHÍCULO PARTICULAR DENTRO DO DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS FUNCIÓNS. EXPTE. 15379/220

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 15.11.04, conformado polo concelleiro delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro e único : Autorizar á Técnica de prevención de riscos, D^a. Aranzazu González Soengas, á utilización do seu vehículo particular necesaria para a realización das funcións propias da súa praza en orde á comprobación e emisión de informe nos servizos municipais exteriores.

O aboamento dos correspondentes importes indemnizatorios tramitarase previa xustificación de desplazamentos pola unidade xestora, segundo o disposto no artigo 20 do RD 462/2002, de 24 de maio .

31.(1495)- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 15347/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de Intervención Xeral do 10.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 29.10.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura dunha funcionaria interina, con cargo á praza vacante de Administrativo de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Superior.

2º.- Nomear interinamente con cargo á praza vacante de Administrativo de Administración Xeral , á D^a. ANA GALIÑANES FERNANDEZ, NIF 35.454.764-B, seguinte aspirante que superou todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión interina dunha praza de administrativo de Administración xeral, de conformidade coas bases xerais da mesma e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración pública da Xunta de Galicia, en concordancia co disposto no art. 3.3 da Orde 1461/2002, do 6 de xuño do Ministerio para as Administracións Públicas.

3º.- A relación funcional de interinaxe extinguirase automaticamente no momento no que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

32.(1496)- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 4.11.04 DE CONCESIÓN DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2004. EXPTE. 15382/220.

Dáse conta da resolución da Alcaldía de data 4.11.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servicio de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don

Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de outubro de 2004, e que ascenden a un total de 31.604'88 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-gratificacións.

A Xunta de Goberno queda enterada.

33.(1497)- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS SOBRE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON PRAZAS DE GARDA DA POLICÍA LOCAL, DE DATAS 8 E 29 DE OUTUBRO DE 2004. EXPTE. 15380/220.

Dáse conta das resolucións da Excm. Alcaldesa, sobre o asunto de referencia, que din o seguinte:

a) Resolución do 8.10.04:

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade, con data 8 de outubro de 2004, remite ó Concello de Vigo fax contendo relación de Gardas da Policía Local en prácticas que superaron ó curso selectivo previsto nas bases da convocatoria e poden, por conseguinte, ser nomeados funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal municipal.

Por iso, no uso das facultades que me confire o art. 21.1. h), da Lei de Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, que contempla como unha das atribucións do Alcalde-Presidente acorda-lo nomeamento de funcionarios da Corporación,

R E S O L V O:

Nomear funcionarios de carreira con cargo a prazas de GARDA DA POLICÍA LOCAL, ós seguintes funcionarios en prácticas que superaron o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade, pola orde de puntuación obtida nas probas selectivas:

	Apelidos e nome	Nº persoal	puntos
1.-	Toucedo Garrido, Enrique	79358	10,425
2.-	Perales Rodríguez, Enrique	79380	9,850
3.-	Verde Vieitez, José Manuel	79378	9,850
4.-	Berges Martínez, Pablo	79381	9,675
5.-	Corral Moldes, Rubén	79377	9,635
6.-	Barroso Parada, Santiago	79355	9,275
7.-	Martínez Lino, Pedro	79363	9,140
8.-	Ojea González, Roberto	79360	9,100
9.-	López Santana, Antonio José	79359	8,975
10.-	Gregorio Selas, Miguel	79356	8,750
11.-	Souto López, José Igor	79353	8,485
12.-	Calvar Ríos, Moisés	79383	8,475
13.-	Méndez Vázquez, Eduardo	79357	8,465
14.-	Fuertes Sánchez, Jesús	79382	8,340
15.-	Vázquez Domínguez, Juan Diego	79352	8,285
16.-	Eiriz de Vicente, Rolando José	79348	8,080
17.-	Caldas Blanco, Marcelo	79361	8,060
18.-	Gallego Lorenzo, Oscar	79351	8,000

19.-	Pascual González, José Carlos	79365	7,885
20.-	Rojo Alonso, Marcos	79350	7,875

Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira con efectos de 11 de outubro de 2004.”

A presente resolución notifíquese ós interesados, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Xefe da Policía Local, Organización e Métodos, Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local ós efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

b) Resolución do 29.10.04:

O Director Xeral da Academia Galega de Seguridade, con data 29 de outubro de 2004, remite ó Concello de Vigo fax contendo relación de Gardas da Policía Local en prácticas que superaron ó curso selectivo previsto nas bases da convocatoria e que non puideron tomar posesión co resto dos seus compañeiros, por comeza-las citadas prácticas con posterioridade, que poden ser nomeados funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes no cadro de persoal municipal.

Por iso, no uso das facultades que me confire o art. 21.1. h), da Lei de Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, que contempla como unha das atribucións do Alcalde-Presidente acorda-lo nomeamento de funcionarios da Corporación,

R E S O L V O:

Nomear funcionarios de carreira con cargo a prazas de GARDA DA POLICÍA LOCAL, ós seguintes funcionarios en prácticas que superaron o regulamentario curso selectivo na Academia Galega de Seguridade, pola orde de puntuación obtida nas probas selectivas:

	Apelidos e nome	Nº persoal	puntos
1.-	Villa Agulla, Fernando	79379	9,400
2.-	Alonso Duarte, David	79364	8,920
3.-	Campos Fernández, Enrique	79375	8,700
4.-	Peña Soliño, Aitor	79376	8,585
5.-	González Vázquez, Oscar	79372	8,100
6.-	Pesado Fernández, Pablo	79362	8,090
7.-	García Gil, Alberto	79384	8,085
8.-	Bastos Basoa, Esteban	79373	7,870
9.-	Castro López, José Antonio	79374	7,525

Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira con efectos de 2 de novembro de 2004.”

A presente resolución notifíquese ós interesados, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Xefe da Policía Local, Organización e Métodos, Comité de Persoal e á Xunta de Goberno Local ós efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

34.(1498)- CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE COMERCIO DE VIGO (FECOVI) PARA A ORGANIZACIÓN DA II GALA ANUAL DO COMERCIO VIGUÉS. EXPTE. 1539/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 3.11.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención de 3.000€ (IVE engadido) a favor da Federación de Comercio de Vigo (FECOVI), con CIF: G-36.911.543, para a organización da II Gala Anual do Comercio, con cargo á partida 6220 470 00 00, “Subvencións ó comercio”, da Concellería de Comercio do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Federación de Comercio de Vigo (FECOVI) deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo desta celebración.

3º.- A Federación de Comercio de Vigo (FECOVI) será a encargada da contratación con terceiros para a realización de todas as actuacións programadas durante a Gala, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

4º.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para a ano 2004. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedidas, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

35.(1499)- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE). EXPTE. 936/400.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Xerencia de Urbanismo, do 20.10.04, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. En sesión ordinaria do 30.03.2004, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO», abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

I.2. A tal efecto, publicouse anuncio oficial no BOP nº 88, do 10.05.2004 e no xornal «Faro de Vigo» do 23.04.2004, remitíndose copia da certificación do acordo íntegro de aprobación inicial a todas as entidades participantes no trámite previo de audiencia.

I.3. Segundo resulta da certificación expedida o 16.06.2004 polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), de orde e co prace do seu vicepresidente, durante o prazo sinalado para estes efectos no edito da Alcaldía, presentáronse no Rexistro da XMU sete (7) alegacións que serán obxecto de análise e valoración neste informe-proposta.

II. INFORME DAS ALEGACIONES/ENMENDAS

II.1. ALEGACIÓN Nº 1:

ALEGANTE: «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)».

DATA REXISTRO: 14.05.2004.

Nº REXISTRO: 40049948.

CONTIDO:

A alegación presentada por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» pretende que desde esta Ordenanza se estableza a obriga de que os edificios se adapten ás normas de accesibilidade e seguridade vixentes. Para estes efectos, propoñen que tanto nos CITE como nas Fichas Técnicas da Edificación e no Rexistro da ITE se faga constar se o edificio é ou non accesible. Suxiren que se inclúan as oportunas referencias á accesibilidade e seguridade no articulado da Ordenanza (Arts. 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 12 e Disposición adicional 1ª) e achegan proposta alternativa ós seus Anexos I (Ficha Técnica da Edificación) e II (CITE). Solicitan, ademais, que a ITE sexa obrigatoria para os edificios de titularidade pública (estatal, autonómica ou local) e, ó fin do previsto nas Disposicións adicionais 2ª e 3ª da Ordenanza, realizan determinadas peticións xenéricas relacionadas coa accesibilidade: cursos de formación e especialización, campañas divulgativas, información sobre subvencións, etc.

VALORACIÓN:

1. A «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIONES (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO», inicialmente aprobada no pleno ordinario do mes de marzo de 2004, díctase ó abeiro do disposto no artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA), que determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

Sendo isto así, entendemos que a acreditación do cumprimento das condicións de accesibilidade das edificacións non é contido propio desta clase de Ordenanzas. As esixencias de accesibilidade aplicables á edificación están claramente reguladas hoxe na Lei (L.8/1997, do 20 de agosto, do Parlamento de Galicia, de accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia), no Regulamento (D.35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de desenvolvemento e execución da L.8/1997) e na Ordenanza municipal para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas, aprobada definitivamente polo Excmo. Concello de Vigo en sesión plenaria do 29.09.1993 (BOP do 14.12.1993), vixente no que non contradiga ou se opoña á Lei e ó Regulamento autonómicos.

A inclusión da accesibilidade na Ordenanza reguladora da ITE, en contra do pretendido polos alegantes, nada aportaría a maiores para a efectividade do dereito do colectivo de persoas con minusvalías de calquera clase ó goce

pleno da cidade, incluídas as súas edificacións, e, pola contra, dificultaría o propósito fundamental destas Ordenanzas que, como xa dixemos, non é outro que garantir o cumprimento do deber de conservación das edificacións, evitando posibles danos ás persoas e ás cousas.

2. A solicitude de que a ITE sexa tamén obrigatoria para os edificios de titularidade pública merece unha consideración á parte.

O artigo 2.2. da Ordenanza aprobada inicialmente exclúe, en efecto, do control da ITE os edificios e construcións de titularidade pública da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e da Administración local, así como das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas, a non ser que se ocupasen edificios en réxime de alugueiro ou outro título distinto do de propiedade, suposto no que os propietarios dos inmobles sí estarían obrigados a efectuar a ITE. E isto, por suposto, sen prexuízo da suxeición de todos os edificios, públicos e privados, ó réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente.

Esta mesma solución foi asumida, entre outras, polas respectivas Ordenanzas municipais de Málaga, Zaragoza, Granada, Alcoi ou Alcalá de Henares e tamén pola «Ordenanza sobre Conservación, rehabilitación y estado ruinoso de las edificaciones» de Madrid, de 1999.

Resulta, non obstante, que esta última Ordenanza viuse afectada pola Sentencia do TSX de Madrid do 28.05.2003 (RJCA 2003/683), que anulou os artigos referidos, precisamente, á ITE (Arts. 25-32), fundamentalmente pola falta de cobertura legal (que hoxe presta o Art. 169 da L.9/2001, de 17 de julio, do Solo da CA de Madrid) para establecer -o que se consideraba polo TSX- unha carga que afectaría de forma esencial ó dereito de propiedade e para imponer multas coercitivas en caso de incumprimento do deber de realizar as ITE.

O feito é que esa sentenza declarou tamén contraria a Dereito a exención da ITE dos edificios de titularidade pública, por considerar que se estaría a infrinxir o principio de igualdade constitucionalmente recoñecido. Con todo, a cuestión non resulta pacífica, como o demostra que esa mesma sentenza conte co voto particular dun dos maxistrados no que se razona que:

«...la exclusión de los poderes públicos, incluidos los de ámbito internacional, del cumplimiento de la misma [ITE] se justifica (...) en el hecho de que no resulta razonable la contratación por parte de aquellas de un técnico particular que vise el estado de las edificaciones que ocupan cuando se presupone que disponen de los medios personales adecuados para garantizar el respeto a la normativa urbanística, sin que ello signifique que no queden sometidos a la inspección urbanística de los órganos municipales».

Á marxe do anterior, o certo é que xa na nova regulación da ITE do concello de Madrid, aprobada en sesión plenaria do 22.12.2003 (BOCM nº 37, do 13.02.2004) se estableceu a obriga de efectuala para todos os propietarios de edificios (Art. 2), incluídas as persoas xurídico-públicas, as representacións diplomáticas e os organismos internacionais (Disposición transitoria 2ª).

Valorando en conxunto os anteriores feitos e circunstancias e salvo mellor criterio en contra, considérase viable acoller a solicitude dos alegantes (reiterada noutras alegacións) e, de acordo coa mesma, estender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións.

3. Canto ás diversas solicitudes realizadas a propósito das Disposicións adicionais da Ordenanza, dánse por formuladas, sen prexuízo da súa oportuna consideración polos órganos municipais con competencias específicas en materia de accesibilidade.

4. Finalmente, sobre a concesión de posibles axudas ás comunidades de propietarios para sufragar os gastos derivados da realización da ITE, a Disposición adicional 3ª.2 da Ordenanza inicialmente aprobada exclúe de forma expresa esta posibilidade. Tal decisión adoptouse valorando, entre outras circunstancias, as seguintes:

- a) As evidentes limitacións orzamentarias municipais e a conseguinte necesidade de optimizar a disposición de fondos públicos, conforme cos postulados da nova L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que impoñen un incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.
- b) A necesidade de atender preferentemente ós propietarios individuais que poidan acreditar fidedignamente a carencia de recursos económicos e para os que, en función do nivel de ingresos da respectiva unidade familiar, o custo da ITE podería non ser asumible na súa totalidade.

Non obstante, tendo en conta tanto a redacción do apartado 1 desta Disposición adicional 3ª, suficientemente expresiva da intención da Ordenanza sobre este extremo e dos criterios básicos de concesión das axudas, como o feito de que, en todo caso, será a norma que eventualmente as regule a que determinará os seus posibles beneficiarios, non existiría inconveniente en eliminar a prohibición expresa agora contida no comentado apartado 2 desta Disposición. Deste xeito, será esa futura norma a que -de acordo coas previsións da Ordenanza e a restante normativa aplicable-, determine os posibles beneficiarios e os demais aspectos relacionados coa xestión deste tipo de axudas (documentación e requisitos, contías, procedemento de tramitación e concesión, etc.).

Tamén poderán acceder, propietarios e comunidades de propietarios, a outro tipo de axudas para a execución de obras de conservación, reparación ou rehabilitación de inmobles como, por exemplo, as xestionadas a través do departamento municipal de Patrimonio histórico ou as orientadas á rehabilitación xeral, con cargo a fondos autonómicos.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente a alegación presentada por «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» no sentido de: (a) Extender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións, modificándose no procedente o artigo 2.2. e referencias concordantes da Ordenanza; (b) Suprimir a prohibición expresa contida no apartado 2 da Disposición adicional 3ª, remitindo a cuestión á norma que no futuro regule a concesión de axudas para a realización das ITE.

II.2. ALEGACIÓN Nº 2:

ALEGANTE: «APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)».

DATA REXISTRO: 20.05.2004.

Nº REXISTRO: 40051523.

CONTIDO:

«APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)» bota en falta na Ordenanza unha maior implicación do Concello en cuestións de índole técnica ou económica que, entenden, poderían repercutir

favorablemente na consecución dos obxectivos que a Ordenanza pretende e citan, neste sentido, o disposto no seu artigo 6.6. Tamén consideran que o asinamento de convenios de colaboración entre o Concello e asociacións profesionais como APEC en materias tales como realización de cursos de formación, xornadas técnicas, etc., poderían redundar nunha mellor aplicación dos obxectivos da Ordenanza.

VALORACIÓN:

Dando por descontada a necesaria implicación técnica e económica do Concello na implementación da Ordenanza (vid. Apdo. II.7 do informe-proposta de aprobación inicial), ningún inconveniente existe en modificar a redacción inicial do precitado artigo 6.6. en sentido semellante ó querido polo alegante; é dicir, salientando a obriga municipal de colaborar cos interesados facilitándolle os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Por outra banda, valórase positivamente a proposta de APEC de abrir a posibilidade na Ordenanza (Disposición adicional 2ª) de que o Concello celebre convenios de colaboración sobre formación, especialización ou divulgación non só cos colexios profesionais senón tamén coas asociacións profesionais vencelladas coa materia, o que contribuiría a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da aplicación desta norma.

PROPOSTA:

Estimar a alegación presentada por «APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)», modificando no sentido exposto o artigo 6.6. e a Disposición adicional 2ª da Ordenanza.

II.3. ALEGACIÓN N° 3:

ALEGANTE: «APROIN (Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra)».

DATA REXISTRO: 28.05.2004.

N° REXISTRO: 40055507.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- ◆ *Apdo. IV da Exposición de Motivos e artigo 2.2. da Ordenanza: estiman incorrecta a exención da ITE dos edificios de titularidade pública.*

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

- ◆ *Artigo 3.1: maniféstase a conveniencia de concretar a titulación ou titulacións competentes para realizar os CITE.*

Ese artigo alude á obriga formal da propiedade de acreditar o cumprimento do deber de conservación das edificacións mediante un informe-certificado (CITE) expedido «polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función...». A propia LOUGA (Art. 200) emprega, sen maior concreción, a expresión «facultativo competente». As atribucións profesionais están reguladas por lei e constitúen materia allea á competencia municipal. Polo mesmo, non se considera oportuno concretar na Ordenanza algo que, na medida en que coincida co previsto na lei sería redundante e, en tanto que non coincidente, ilegal.

- ◆ *Artigo 6.2: solicítase que o primeiro CITE deba presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 12 anos, en lugar de 15 como figura na Ordenanza.*

Non existe un criterio común nas distintas regulamentacións municipais sobre esta cuestión, atopándonos con prazos moi distintos: 15 anos en Sevilla, Barcelona e Móstoles, 20 anos en Málaga e Alcalá de Henares, 25 anos en S. Sebastián de los Reyes, 30 anos en Madrid, 40 anos en A Coruña, 45 anos en Granada, 50 anos en Zaragoza, Toledo e Alcoi, etc. Tampouco a LOUGA establece maior concreción ó respecto, limitándose a indicar que estarán incluídas necesariamente as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos.

Entendemos que, en calquera caso, a aceptación da proposta formulada por APROIN (12 anos) non representaría unha mellora significativa en relación coa que figura na Ordenanza aprobada inicialmente (15 anos). Pola contra, e á vista das características do parque edificatorio desta cidade, parecería aconsellable revisar o prazo de presentación do primeiro CITE, aínda que en sentido contrario ó postulado polo alegante. Remítimonos neste punto ó apartado III do informe («MODIFICACIONES DE OFICIO»), no que se tratará máis polo miúdo esta cuestión.

- ◆ *Artigo 5: consideran que o contido deste artigo excede da autorización da norma habilitante (Art. 200 LOUGA).*

Non podemos compartir a opinión do alegante sobre este extremo. En realidade, o contido do artigo 5 da Ordenanza é perfectamente congruente coa regulación da LOUGA, establecendo en relación co contido dos CITE o nivel de concreción esixible a unha ordenanza municipal. Se, como parece suxerir o alegante, só debería reproducirse o texto da norma legal, o precepto da Ordenanza sería entón perfectamente prescindible. En calquera caso, e como ten sinalado a xurisprudencia do Tribunal Supremo, a ordenanza, en tanto que norma xurídica de carácter xeral emanada da Administración, colabora coa lei, complementándoa; é dicir, que pode engadir regras precisas que aseguren a súa correcta práctica (regras no sentido de clarear, desenvolver e concretar os preceptos legais), dictar normas de procedemento e regular a organización precisa (STS 10.07.1992, Ar. 6258 e STS 20.05.1992, Ar. 4462).

- ◆ *Artigo 6.5: entenden que, en caso de dúbida ou dificultade na acreditación da idade das edificacións, un dato a considerar debería ser o contrato coa empresa subministradora de enerxía eléctrica.*

O artigo 6.5 da Ordenanza establece que a idade da edificación (que determinará os prazos de presentación do primeiro e sucesivos CITE) acreditarase documentalmente mediante certificado final de obras, licenza de primeira ocupación ou, no seu defecto, licenza de obras e, en ausencia deles, por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas.

A pesar das modificacións que, á vista do escrito de enmendas presentado polo GMS propoñemos para ese artigo (Apdo. II.7 deste informe), o suxerido polo alegante podería ter cabida perfectamente dentro deses «medios de proba admisibles en Dereito», en defecto de certificado final de obras, licenza de primeira ocupación, etc.; polo que non se considera necesario modificar nada ó respecto.

- ◆ *Artigo 8.6: consideran que a Ordenanza carece de facultade sancionadora para prohibir a concesión de axudas á rehabilitación total ou parcial das edificacións que non cumpran en prazo coa obriga de presentar o CITE.*

Non estamos en presenza de manifestación ningunha dunha suposta potestade sancionadora precisada de cobertura legal específica nos termos constitucional (Art. 25.1 CE) e legalmente establecidos (Arts. 127-129 LRX-PAC e 139-141 L.57/2003). O único que establece a Ordenanza neste punto é a prohibición de conceder axudas (municipais) á rehabilitación de edificacións sen acreditar o cumprimento da presentación en prazo dos CITE, o que

parece lóxico se o que se pretende é fomentar o seu mantemento e favorecer ós propietarios cumpridores. Pola contra, dificilmente podería sosterse a disposición de fondos públicos municipais en concepto de axudas á rehabilitación en favor de propietarios que incumpriron os deberes básicos de conservación que lles afectan.

Con todo, e a fin de despexar calquera posible dúbida ó respecto, especificarase máis claramente neste artigo que a prohibición afecta, exclusivamente, ás axudas á rehabilitación que puidesen concederse con cargo a fondos municipais; sen prexuízo das disposicións que sobre o particular adopten as demais Administracións concedentes.

◆ *Proposta dun novo apartado (7) ó artigo 8:*

Non parece necesario engadir un novo apartado ó artigo 8 da Ordenanza, coa redacción proposta, se temos en conta o disposto pouco antes no artigo 7.4, segundo o que: «As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios e transmitidas, en caso de alleamento por calquera título, ós seus novos titulares, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma».

◆ *Disposición adicional 1ª: entenden que mediante unha ordenanza específica se está a modificar o contido das ordenanzas urbanísticas do PXOM, en tanto que se obriga a presentar determinada documentación técnica nos proxectos de obra para a obtención de licenzas municipais.*

Tampouco podemos compartir a opinión do alegante sobre este extremo. A Disposición adicional 1ª desta Ordenanza prescribe que os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da súa entrada en vigor para a obtención da correspondente licenzas municipais deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados, incluíndo tamén a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

Na nosa opinión, a Ordenanza límitase neste punto a: (1) Complementar e concretar no indispensable o disposto nas normas urbanísticas do PXOU-93, nas que -no apartado correspondente á documentación da solicitude de licenzas de obras [apdo. 3.8.5]- xa se conteñen precisións xenéricas relativas a aspectos tales como o «tratamento de paredes cegas ou medianeiras» ou a obriga de achegar planos de fachada a escala 1:100 «coas seccións necesarias para a súa completa intelixencia (incluíndo tamén sección de fachada, con especificación de materiais de construción» nos que «detallárase minuciosamente todo canto sexa necesario ou conveniente para facilita-lo seu exame e comprobación en relación co cumprimento das ordenanzas que sexan aplicables», e, (2) A lembrar a esixencia de incluír no proxecto técnico a xustificación técnica da seguridade daqueles elementos de acordo coas «regulamentacións aplicables», entre as que se inclúe, por exemplo, a Norma tecnolóxica NTE-RPC, relativa a revestimentos de fachada mediante chapados.

◆ *Disposición adicional 3ª: discrepan da exclusión das comunidades de propietarios das axudas municipais para sufragar o custo da ITE.*

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

- ◆ *Disposición transitoria única: proposta alternativa de prazos para realización da 1ª ITE.*

Remitímonos neste punto ó que a seguir se dirá no apartado III deste informe («MODIFICACIÓNS DE OFICIO»), no que se tratará máis polo miúdo esta cuestión.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente a alegación presentada por «APROIN (Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra)» nos seguintes extremos: (a) Extender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións, modificándose no procedente o artigo 2.2. e referencias concordantes da Ordenanza; (b) Especificar no artigo 8.6 que a prohibición que nela se contén afecta, exclusivamente, ás axudas á rehabilitación que puidesen concederse con cargo a fondos municipais; (c) Suprimir a prohibición expresa contida no apartado 2 da Disposición adicional 3ª, remitindo a cuestión á norma que no futuro regule a concesión de axudas para a realización das ITE.

II.4. ALEGACIÓN Nº 4:

ALEGANTE: «Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia».

DATA REXISTRO: 31.05.2004 (data rexistro Delegación Goberno: 21.05.2004).

Nº REXISTRO: 40055680.

CONTIDO E VALORACIÓN:

- ◆ *Artigo 6.1: a Ordenanza debería facer mención expresa das persoas lexitimadas para presentar o CITE no colexio profesional correspondente e no Rexistro da ITE da XMU, propoñendo para estes efectos un texto alternativo.*

Acéptase esta suxestión aínda que, por razóns sistemáticas, estimamos máis oportuno introducir xa esa mención no artigo 3.2. da Ordenanza, que trata igualmente da presentación dos CITE. En todo caso e conforme coa propia LPH (Art. 13.6), xúlgase máis correcto incluír unha referencia xenérica ó cargo de administrador en lugar de especificar unha das varias persoas (físicas/xurídicas) habilitadas para desempeñalo.

- ◆ *Artigo 7.4: cuestionan que a obriga de conservar a documentación relativa á ITE se imponha tan só ós propietarios, cando nas edificacións suxeitas ó réxime de propiedade horizontal o deber de conservación da documentación corresponde ó secretario ou, de ser o caso, ó administrador que actúe como secretario da Xunta.*

O texto inicial deste precepto responde fielmente ó disposto no artigo 16 da LOE (L.38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación) que alude ós propietarios como suxeitos obrigados a recibir, conservar e transmitir a documentación da obra executada e os seguros e garantías que existan. Con todo, ningunha obxección parecería existir para que se incluíse nel unha referencia (xenérica) ós responsables legais da custodia da documentación nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal.

PROPOSTA:

Estimar a alegación presentada polo «Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia» nos termos expostos, modificando no pertinente os artigos 3.2 (→6.1) e 7.4 da Ordenanza.

II.5. ALEGACIÓN Nº 5:

ALEGANTE(S): «Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra».

DATA REXISTRO: 10.06.2004.

Nº REXISTRO: 40060633.

CONTIDO E VALORACIÓN:

A presidenta da delegación en Vigo do COAG e o presidente do COAAT de Pontevedra formulan alegación conxunta e unificada á Ordenanza, acompañando un texto alternativa e unha proposta de convenio de colaboración Concello-COAG Vigo-COAAT Pontevedra para facilitar a aplicación e o cumprimento da norma. As liñas mestras desta alegación poden sintetizarse nos seguintes apartados:

- ◆ Limitación do obxectivo da Ordenanza ó control das condicións de funcionalidade e seguridade dos edificios:

Concórdase cos alegantes na conveniencia de limitar o obxecto da Ordenanza ós aspectos substanciais que, conforme á propia LOUGA, xustifican a aprobación deste tipo de normas por parte dos Concellos e que poderían concretarse no aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Esta reconsideración parcial dos obxectivos da Ordenanza determina a necesidade de:

- 1) Definir aquelas condicións a efectos do seu cumprimento segundo a Ordenanza, o que se fai no texto proposto para a aprobación definitiva coa inclusión dun apartado específico coa seguinte redacción:

«Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- a) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, aos soportes, ás vigas, aos forxados, aos muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.
- b) Seguridade e estabilidade dos seus elementos constructivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden cair á vía pública.
- c) Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.

- d) *Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.*

O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica» [Art.1.3 e 1.4].

- 2) *En congruencia co anteriormente exposto, redefinir, en parte, o contido do CITE, nos seguintes termos:*

«O CITE expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso e fará referencia, necesariamente ós seguintes aspectos:

- a) Estado da estrutura e cimentación.*
- b) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que puidesen supor un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.*
- c) Estado de conservación de cubertas e azoteas.*
- d) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.*
- e) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.)» [Art. 5.1].*

- 3) *Establecer un novo modelo de CITE (Anexo II), adaptado á reconsideración dos obxectivos da Ordenanza antes expresada; cuestión que se abordará a seguir.*

◆ *Substitución da esixencia de certificados (CITE) por informes:*

Os alegantes reiteran unha e outra vez ó longo do seu escrito a conveniencia de substituir a emisión de certificados de inspección técnica por informes (ou informes-dictame) e, en consecuencia, de emitir «Actas de Inspección Técnica» (AITE) en lugar de «Certificados de Inspección Técnica» (CITE).

Comprendendo o sentido da alegación (menor dificultade, menor custo, etc.), parece oportuno lembrar que o artigo 200 da LOUGA determina con toda claridade que o facultativo competente consignará os resultados da súa inspección expedindo un CERTIFICADO que describa os estragos apreciados no inmovible, posibles causas, etc. Por disposición legal, o documento deberá, pois, revestir a forma dun certificado.

Cuestión distinta é que, tal como se expresa máis claramente no modelo (reformado) proposto como Anexo II da Ordenanza, ese certificado o que recolle é, realmente, un «informe de inspección» e un «dictame de actuacións» do técnico encargado de realizar a ITE, no que expresará se, unha vez inspeccionada a edificación, esta reúne ás condicións de seguridade estrutural esixibles conforme á Ordenanza e, de ser o caso, se procede ou non a execución das obras necesarias a tal fin ou a adopción de medidas inmediatas de seguridade constructiva.

Por tanto, non se trataría xa de "certificar" ou "garantir" o cumprimento das condicións básicas de «funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade establecidas na normativa e o planeamento aplicable» (como se afirmaba no texto aprobado inicialmente), senón de emitir un informe-dictame, favorable ou desfavorable, sobre as condicións de seguridade constructiva das edificacións e sobre os demais aspectos que se veñen de sinalar

(obras necesarias, medidas inmediatas de seguridade...). Así se recolle expresamente no novo modelo de CITE elaborado para a aprobación definitiva da Ordenanza, ó que logo se aludirá.

Nos termos expostos, entendemos que, en esencia, quedan recollidas as suxestións dos alegantes sobre este particular.

◆ *Redeseño da Ficha Técnica da Edificación (Anexo I):*

Consideran os alegantes que a realización da Ficha Técnica da Edificación, segundo o modelo do Anexo I da Ordenanza, excede nalgúns casos a capacidade ou atribucións dun simple técnico contratado pola propiedade e que, moitos dos datos por consignar nesa Ficha deberían ser achegados pola propia Administración municipal (p.ex. urbanísticos), en aplicación do artigo 35.f] da LRX-PAC.

Sen embargo, no modelo de Ficha proposto na Ordenanza aprobada inicialmente (e a diferenza do que acontecía nos borradores previos, obxecto do trámite de audiencia), os únicos datos a cubrir obrigatoriamente por parte do facultativo serían tan só os relativos á identificación física do edificio obxecto da ITE, da propiedade e do/s técnico/s intervintes así como ás características arquitectónicas daquel.

Pola contra, os datos sobre usos e superficies e os de carácter estritamente urbanístico (planeamento aplicable, clasificación/cualificación do solo, catalogación, fóra de ordenación, afeccións, etc.) configúranse simplemente como opcionais, non obrigatorios, debendo en todo caso a Administración achegar os desta última clase, tal como suxiren os alegantes.

A Ficha Técnica da Edificación constitúe un complemento necesario para os fins pretendidos pola norma. A súa existencia está perfectamente xustificada como instrumento útil ó servizo da Ordenanza e para a xestión das inspeccións técnicas. O Concello límitase neste punto, en exercicio da súa potestade de ordenanza, a regular -con carácter instrumental e complementario- un elemento técnico auxiliar da ITE coa finalidade de facilitar e garantir o control das edificacións ó que ven obrigado.

◆ *Redeseño do Anexo II (CITE):*

Acollendo na súa práctica integridade o modelo presentado polo COAG-Vigo e o COAT de Pontevedra, semellante ó utilizado polo Concello de Madrid, reelaborouse o modelo de CITE incluído como Anexo II da Ordenanza, adaptandoo ós novos obxectivos específicos da Ordenanza e ós novos contidos do CITE e, obviamente, respectando as determinacións imperativas da LOUGA.

Estrúctúrase agora en 5 grandes apartados: 1) Estado xeral da estrutura e cimentación; 2) Estado xeral de fachadas interiores, exteriores e medianeiras; 3) Estado xeral de conservación de cubertas e azoteas; 4) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento, e, 5) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.).

Como xa se avanzou antes, logo da inspección deses elementos, o facultativo competente dictaminará se as condicións de seguridade constructiva da edificación de que se trate son favorables ou desfavorables. Neste segundo suposto, a propiedade deberá subsanar as deficiencias advertidas e adoptar as medidas sinaladas no informe, incluídas -eventualmente-, as inmediatas esixidas por razón da seguridade constructiva, en evitación de posibles danos ás persoas ou ás cousas.

- ◆ *Necesidade de crear un departamento específico para o desenvolvemento e seguimento da Ordenanza e de dispoñer dunha aplicación informática:*

Os alegantes coinciden plenamente co xuízo expresado polo técnico que subscribe no informe-proposta de aprobación inicial da Ordenanza (Apdo. II.7), no que se manifestaba que: «Para a implementación desta Ordenanza considérase imprescindible, antes da súa efectiva aplicación: 1) Crear na XMU unha Oficina de control da ITE, coa axeitada dotación de persoal, equipos, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc. Tendo en conta a natureza e permanencia das funcións a realizar e a responsabilidade implícita nelas, considérase que deberá estar dotada necesariamente con persoal funcionario». Sen esa oficina específica, adecuadamente dotada, a aplicación da Ordenanza será, de feito, inviable.

- ◆ *Conveniencia de que a ITE sexa tamén obrigatoria para os edificios de titularidade pública:*

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

- ◆ *Obrigatoriedade da sinatura persoal de «técnico» competente e de visado colexial:*

O artigo 200 da LOUGA establece que as ITE estarán a cargo de «facultativo» competente. A Ordenanza utiliza como sinónimas as expresións «técnico» (Art. 8.5), «técnico competente» (Apdo. IV Exp. Motivos) e «técnico facultativo competente» (Art. 3.1), o que -na práctica- non debe plantexar problema ningún.

A redacción do Art. 6.1 da Ordenanza é congruente co Art. 200 da LOUGA e a necesidade de visado colexial non se discute (de feito, nos modelos de CITE e de Ficha Técnica resérvase xa un espacio «ad hoc»), sen prexuízo do que se dispón para o caso das edificacións pertencentes ás Administracións públicas, no que os CITE poderán ser conformados polos seus servicios técnicos competentes.

- ◆ *Supresión das referencias na Ordenanza ás obras necesarias para correxir as deficiencias detectadas, presuposto estimativo e prazos de inicio e execución:*

Como sabemos, o artigo 200 da LOUGA esixe que o CITE realizado por facultativo competente describa os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

A teor deste precepto e tendo en conta tamén a necesidade de asegurar a efectiva execución desas medidas recomendadas, semella oportuno manter a esixencia de que o CITE exprese as obras necesarias por realizar (con maior motivo se existise unha situación de perigo inminente) e os prazos de inicio e execución estimados. A suposta esixencia de «presuposto estimativo» non se contén xa, en cambio, no texto da Ordenanza aprobado inicialmente (Art. 5); sí nos borradores previos, obxecto do trámite de audiencia previo.

- ◆ *Proposta alternativa de prazos de realización das ITE:*

Remítmonos neste punto ó que a seguir se dirá no apartado III deste informe («MODIFICACIÓNS DE OFICIO»), no que se tratará máis polo miúdo esta cuestión.

- ◆ *Conveniencia de asinar convenios de colaboración Concello (XMU)-COAG Vigo e COAAT Pontevedra:*

A necesidade de recabar a colaboración dos colexios profesionais, tanto para levar a cabo a execución subsidiaria das ITE, nos supostos de incumprimento polos propietarios da súa obriga de realizalas, como para o establecemento de mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil, organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación, consta expresamente na propia Ordenanza (Art. 8.3 e Disposición adicional 2ª) e foi posta de relevo no informe-proposta de aprobación inicial. A coincidencia neste punto é, loxicamente, total.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente, nos termos expostos, a alegación conxunta presentada polo «Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e o Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra» sobre os seguintes extremos: (a) Limitación do obxectivo da Ordenanza, centrado no aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas; (b) Redeseño da Ficha Técnica da Edificación [Anexo I]; (c) Redeseño do CITE [Anexo II]; (d) Creación dun departamento específico para o desenvolvemento e seguimento da Ordenanza e dunha aplicación informática; (e) Ampliación da obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións; (f) Conveniencia de asinar convenios de colaboración entre o Concello (XMU), o COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra.

II.6. ALEGACIONES Nº 6 e 7:

ALEGANTES: «Colegio Oficial de Ingenieros industriales de Galicia-Delegación de Vigo (ICOIIG)» / «Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia (CICCP)».

DATA REXISTRO: 11.06.2004 / 15.06.2004 (data rexistro Delegación Goberno: 10.06.2004).

Nº REXISTRO: 40061228 / 40062311.

CONTIDO E VALORACIÓN:

Estes dous colexios profesionais presentaron por separado alegacións de contido case idéntico, polo que serán obxecto de valoración e resposta común.

- ◆ *Reitera o ICOIIG as propostas 2ª e 3ª contidas no seu escrito de suxestión ó proxecto de Ordenanza:*

Tales propostas xa foron convenientemente avaliadas no seu momento, estimándose a procedencia dalgunhas (p.ex. supresión no CITE da referencia a "máquinas"), asumíndose materialmente outras (p.ex. conveniencia de elaborar unha guía informativa e unha aplicación informática) e desestimándose as restantes, por non estimalas operativas ou estrictamente necesarias para os fins da Ordenanza. Non se achega agora ningún novo argumento que xustifique a modificación do criterio daquela adoptado.

- ◆ *Exposición de Motivos (Apdo. I):*

Acéptase a redacción alternativa proposta para o parágrafo 6º do Apdo. I da Exposición de Motivos (se cadra, máis congruente coa reorientación da Ordenanza) aínda que, en calquera caso, non debería descoñecerse nin a ubicación sistemática nin o carácter xenérico do que nese parágrafo se proclama.

Tocante á relación da ITE co Libro do Edificio, expresamente se fai referencia a ela no artigo 7.4 da Ordenanza, segundo o que as copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios (ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal) e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na LOE e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Sobre a pretendida substitución da esixencia legal da emisión de «certificados» (Art. 200 LOUGA) pola de simples informes, danse aquí por reproducidos os argumentos e aclaracións verquidas a propósito da alegación no mesmo sentido do COAG-Vigo e do COAAT de Pontevedra, insistindo en que, non se trataría xa de "certificar" o cumprimento das condicións básicas de «funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade establecidas na normativa e o planeamento aplicable» (como se afirmaba no texto aprobado inicialmente), senón de emitir un informe-dictame, favorable ou desfavorable, sobre as condicións de seguridade constructiva das edificacións e sobre os demais aspectos complementarios anteriormente reseñados (obras necesarias, medidas inmediatas de seguridade...).

- ◆ *Artigo 1.4: consideran excesiva a referencia ó cumprimento dos requisitos básicos da LOE no tocante á funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións.*

Tal como manifestamos a propósito da anterior alegación, cóincídese tamén co ICIIG e co CICCIP na conveniencia de reconsiderar o propósito inicial da Ordenanza e de establecer nela un niveis aceptables de conservación en termos de seguridade e economía; niveis que se concretan agora na esixencia do mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, na forma en que agora se regula na Ordenanza que será obxecto de proposta de aprobación definitiva (Arts. 1.3 e 4 e Art. 5.1).

- ◆ *Artigo 2: en relación coa exoneración da ITE dos edificios de titularidade pública, citan o precedente da Ordenanza de Madrid:*

Dánse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión.

- ◆ *Artigo 5: critican o concepto amplo utilizado na Ordenanza aprobada inicialmente («condicións básicas de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade»):*

Acéptase o reparo dos alegantes dando aquí tamén por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación do COAG-Vigo e COAAT de Pontevedra, a propósito desta mesma cuestión e sobre a oportunidade de manter a esixencia de que o CITE exprese as obras necesarias por realizar, en especial se existise unha situación de perigo inminente.

- ◆ *Anexo I: dificultade para determinar o tipo de cimentación das edificacións:*

Acéptase igualmente o razonamento dos alegantes neste punto e, para estes efectos, especificarase no apartado correspondente da Ficha Técnica da Edificación (Anexo I) a obrigatoriedade de consignar os datos relativos á cimentación só no caso de que se dispoña de datos sobre o particular.

- ◆ *Anexo II: propoñen diversas modificacións sobre o modelo de CITE previsto (información requirida sobre características constructivas de cada un dos elementos da construción, medidas inmediatas de seguridade e redacción do dictame final):*

No novo Anexo II da Ordenanza xa non é obrigatorio consignar as características constructivas de todos e cada un dos elementos da construción, como sí o era no texto aprobado inicialmente. Por outra banda, parece obvio que as medidas inmediatas de seguridade por adoptar serán aquelas que resulten do «informe de inspección» e «dictame de actuacións» contidos no CITE, polo que non se advirte a necesidade de introducir ningunha aclaración complementaria. Finalmente, a redacción proposta para o "Dictame Final" polos alegantes é coincidente, en esencia, coa que agora se contén no novo modelo de CITE, no que o facultativo competente expresará se, unha vez inspeccionada a edificación, esta reúne ás condicións de seguridade estrutural esixibles conforme á Ordenanza e, de ser o caso, se procede ou non a execución das obras necesarias a tal fin ou a adopción de medidas inmediatas de seguridade constructiva.

PROPOSTA:

Estimar parcialmente, nos termos expostos, as alegacións presentadas polo «Colegio Oficial de Ingenieros industriales de Galicia-Delegación de Vigo (ICOIIG)» e polo «Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia (CICCP)» sobre os seguintes extremos: (a) Nova redacción do parágrafo 6º do Apdo. I da Exposición de Motivos; (b) Modificación dos artigos 1.4 e 5 da Ordenanza, en congruencia coa reorientación dos seus obxectivos (aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas); (c) Ampliación da obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións; (d) Modificación do apartado correspondente da Ficha Técnica da Edificación (Anexo I) relativo á obrigatoriedade de consignar os datos sobre a cimentación da edificación; (e) Innecesariedade de consignar no Anexo II da Ordenanza as características constructivas de todos e cada un dos elementos da construción; (f) Modificación da redacción inicial do "Dictame " do CITE.

II.7. MOCIÓN E ENMENDAS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA (GMS):

II.7.1. Por dilixencia do sr. xerente da XMU de data 04.10.2004 remitíronse ó técnico que asina, para a súa inclusión no expediente de referencia, os seguintes documentos: 1) «Moción do grupo municipal socialista sobre a Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións»" (doc. nº 40099963); 2) «Enmendas do grupo municipal socialista á aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións» (doc. nº 40099968).

II.7.2. De consideralas alegacións ó acordo de aprobación inicial (Pleno 30.03.2004) resultarían inadmisibles por extemporáneas, toda vez que o prazo de presentación das mesmas rematou o pasado 11.06.2004. Sen embargo, e ós únicos efectos de achegar información técnica para o seu eventual debate nos órganos decisorios, sí parecería oportuno realizar as seguintes precisións sobre o seu contido:

a) Enmendas:

- **Accesibilidade:**

Reitérase o manifestado a propósito da alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)» no sentido de que: (a) A acreditación do cumprimento das condicións de accesibilidade das edificacións non é contido propio desta clase de Ordenanzas; (b) As esixencias de accesibilidade aplicables á edificación están claramente reguladas hoxe na Lei (L.8/1997) e o Regulamento (D.35/2000) autonómicos e na Ordenanza municipal para a mellora da accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas; (c) A inclusión da accesibilidade nunha Ordenanza reguladora da ITE nada aportaría a maiores para estes fins e, pola contra, dificultaría o propósito fundamental destas Ordenanzas (o aseguramento das condicións de seguridade constructiva das edificacións), como con toda claridade se pon de manifesto na alegación conxunta do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra e nas alegacións do ICOIIG e do CICCIP.

- *Habitabilidade:*

A reconsideración parcial dos obxectivos iniciais da Ordenanza, concretados máis precisamente agora no aseguramento das condicións de estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais das edificacións e o mantemento ou rehabilitación das súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas, determinou a necesidade de definir aquelas condicións a efectos do seu cumprimento segundo a Ordenanza, o que se fai no texto proposto para a aprobación definitiva coa inclusión dun apartado específico (Apdo. 1.3), de tal xeito que o cumprimento desas condicións suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos da ITE. Entendemos mellor esta opción que a plantexada polo GMS como proposta alternativa ó artigo 1.4 da Ordenanza.

- *Aplicación da ITE ós edificios de titularidade pública:*

Dáanse aquí por reproducidas integramente as consideracións realizadas en relación coa alegación de «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», a propósito desta mesma cuestión; estimándose favorablemente a pretensión de estender a obrigatoriedade da ITE ás edificacións de titularidade pública, estatal, autonómica e local, e das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas administracións e modificándose no procedente o artigo 2.2. e referencias concordantes da Ordenanza.

- *Incorporación dos resultados de análises, probas, ensaios, etc.:*

No Anexo II da Ordenanza aprobada inicialmente xa se incluía un apartado denominado «Documentación anexa» no que o facultativo competente podía concretar a que se achegaba coa ITE: planos, fotografías, informes complementarios, etc. No novo Anexo II da Ordenanza (CITE) proposto para a aprobación definitiva, tamén figura, en cada un dos cinco apartados do Informe de inspección e dictame de actuacións (estado xeral da estrutura e cimentación, fachadas interiores, exteriores e medianeiras, conservación de cubertas e azoteas, redes xerais de fontanería e saneamento e elementos comúns), un espazo «ad hoc» no que poderá consignar, á parte do método/s de inspección empregado/s, a «documentación técnica complementaria aportada». Non parecería necesario, pois, introducir maiores precisións ó respecto no articulado da Ordenanza.

- *Acreditación da idade da edificación:*

Sí entendemos máis completo o sistema de acreditación documental da idade das edificacións proposto polo GMS como alternativo do recollido no artigo 6.5 da Ordenanza. Procedería, técnicamente, incorporar aquel sistema, modificando no procedente o citado precepto.

- *Protección de datos:*

Non existe inconveniente ningún en incluír no artigo 7.3 da Ordenanza unha referencia expresa á vixente LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Idéntica petición contiñase xa na alegación conxunta do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra.

- *Orde de inspección:*

Entendemos que nada aporta, nin ó contido nin á intelixibilidade do precepto, a redacción alternativa proposta para o artigo 8.1 da Ordenanza. A súa literalidade é completamente fiel ó disposto no artigo 200 da LOUGA, segundo o que: «O concello poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de construcións e, se descubrixe que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados».

- *Convenios de colaboración:*

As normas imperativas de superior xerarquía (TRLCAP, LDC, etc.) serán sempre de obrigada observancia con independencia de que se mencionen ou non na Ordenanza. En calquera caso, cómpre clarexar que: a) Os convenios de colaboración entre entidades públicas están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Admóns. Públicas [Arts. 3.1.c TRLCAP e RX-TRLCAP] b) A Ordenanza non limita o número de colexios profesionais que poden subscribir convenios de colaboración co Concello para levar a cabo a execución subsidiaria das ITE [Arts. 8.3 e Disposición adicional 2ª] ; c) Na proposta de convenio de colaboración achegada coa alegación do COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra xa se inclúe unha previsión específica sobre a necesidade de recabar a autorización da Tribunal de Defensa da Competencia no que atinxe á fixación dos honorarios profesionais [Estipulacións 5ª e 6ª]. Coincidimos, en todo caso, cos colexios profesionais en que se trata dunha cuestión máis propia do convenio que da Ordenanza.

- *Subvencións a comunidades de propietarios:*

Como xa quedou expresado, non existiría inconveniente en eliminar a prohibición expresa de subvencionar o custo da ITE as comunidades de propietarios (Disposición adicional 3ª.2), de tal xeito que será a norma que regule tales axudas a que determine os posibles beneficiarios e os demais aspectos relacionados coa súa xestión.

- *Anexo II: fachadas a patios e a medianeiras.*

Semella acertada a observación relativa á verificación do estado de conservación das fachadas a patios e a medianeiras. Con todo, no novo Anexo II da Ordenanza (CITE) xa se inclúe, na letra B) do Informe de inspección e dictame de actuacións un apartado específico relativo ó «Estado xeral de fachadas interiores, exteriores e medianeiras».

b) *Moción:*

Propónse a modificación do apartado 4º da parte dispositiva do acordo de aprobación inicial da Ordenanza, suprimindo o seguinte parágrafo: «Dispoñer, con carácter previo á súa aprobación definitiva e entrada en vigor, a aplicación dos medios técnicos e humanos necesarios para o efectivo cumprimento desta Ordenanza, que se concretan na elaboración dun censo de edificacións e na creación dunha Oficina administrativa de control da ITE e dun Rexistro informático».

Sobre este extremo temos que dicir que:

- (a) *Tal parágrafo só tería resultado incoherente co apdo. 3º do acordo (previsión de aprobación definitiva automática, ex Art. 49.c] LRBRL) de non terse formulado alegación ningunha ó acordo de aprobación inicial. Como sabemos, non foi así e -polo tanto- tal condicionante podería ser plenamente eficaz.*
- (b) *Xa no informe-proposta previo á aprobación inicial da Ordenanza, do 10.02.2004, advertíamos que, antes da súa efectiva aplicación, resultaba imprescindible:*
 - 1) *Crear na XMU unha Oficina de control da ITE, coa axeitada dotación de persoal, equipos, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.; oficina dotada necesariamente con persoal funcionario, tendo en conta a natureza e permanencia das funcións a realizar e a responsabilidade implícita nelas.*
 - 2) *Crear, tamén na XMU, o Rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos á ITE (Art. 7 da Ordenanza: «Rexistro de inspección Técnica da Edificación»).*
 - 3) *Elaborar un censo de edificacións.*

Así mesmo, considerábase (e considérase) necesario:

- *Subscribir convenios de colaboración cos colexios profesionais para a execución subsidiaria da ITE (Art. 8.3 e Disposición adicional segunda da Ordenanza).*
 - *Instrumentar un réxime de subvencións para sufragar os custos asociados á realización da ITE e, de ser o caso, á execución das obras derivadas dela (Disposición adicional terceira da Ordenanza).*
 - *Elaborar unha Guía informativa para clarear as posibles dúbidas que puidesen xurdir na realización dos CITE.*
 - *Levar a cabo unha ampla campaña divulgativa entre a poboación e os sectores interesados que, mediante cartas personalizadas, liñas de atención cidadá (010), etc., contribúa a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da aplicación da Ordenanza.*
- (c) *Indicabamos tamén que, en caso contrario e á vista da experiencia comparada doutras cidades, as posibilidades de éxito na aplicación desta Ordenanza serían, con toda probabilidade, practicamente nulas. Por esta razón, decidiuse incluír na proposta de acordo un parágrafo como o que agora é obxecto de enmenda.*
 - (d) *Afirmase tamén que «dende o punto de vista práctico, a aplicación da OITE non terá lugar ata transcorridos dous anos dende a súa entrada en vigor, data na que deberán presentarse as primeiras fichas e certificacións de inspección técnica de edificios que teñan máis de cen anos de antigüidade (apartado 1.a) da Disposición Transitoria única da ordenanza). Tempo suficiente para que a Xerencia de Urbanismo de dote de medios».*

Tal afirmación non é totalmente correcta xa que, a teor da Disposición transitoria citada, os prazos de presentación das Fichas e dos CITE configúranse como máximos, polo que, unha vez en vigor a Ordenanza, podería suceder perfectamente que se presentasen eses documentos en calquera momento posterior, sen necesidade de agardar o cumprimento dos prazos (máximos) fixados en función da antigüidade das edificacións; situación que, de non contar xa cos medios necesarios na XMU, podería ocasionar evidentes problemas administrativos.

Por isto, e con independencia de que propoñamos de oficio modificar tal Disposición transitoria no sentido que a seguir se expresa (Apdo. III.2), parecería razoable que o órgano decisorio, tendo en conta as circunstancias expostas (e a experiencia comparada), ou ben adiaase a aprobación definitiva da Ordenanza ata que os medios precisos estivesen dispoñibles ou ben condicionase ata ese mesmo momento ou sometese a término a súa efectiva entrada en vigor.

III. MODIFICACIÓNS DE OFICIO.

III.1. Valorando conxuntamente as características do parque edificatorio desta cidade, en especial, a súa relativa antigüidade¹, o seu estado de conservación² e mesmo a súas características constructivas e os obxectivos perseguidos pola Ordenanza (centrados agora no aseguramento das condicións de seguridade constructiva) considérase máis axeitado fixar non en 15 anos (como establece a Ordenanza inicialmente aprobada) nin en 12 (como suxire APROIN) senón en 30 anos a idade na que as edificacións deberán pasar a primeira ITE; o que implica modificar a previsión recollida actualmente no artigo 6.2 da Ordenanza.

III.2. Ademáis, óptase por modificar o apartado 1º da Disposición Transitoria única da Ordenanza, concretando os exercicios nos que, en función da súa data de construción, as edificacións deberán superar a ITE³, co que se pretende: 1) Lograr unha maior racionalidade na distribución da carga de traballo que deba asumir a Oficina administrativa de control da ITE, e, 2) introducir ó mesmo tempo unha maior proporcionalidade entre aqueles dous parámetros (antigüidade e prazos), como tamén se suxería polo COAG-Vigo e o COAAT de Pontevedra, aínda que cunha distinta formulación.

IV. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

IV.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (Art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e Art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA).

IV.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

¹ Estímase nun 54,97% a porcentaxe de vivendas construídas a partir de 1971, principalmente na década de 1971-1980 (27,99% das vivendas).

² En xeral, obsérvase unha mellora xeneralizada do estado dos edificios desde 1991 ó 2001, cun incremento de máis do 10% das vivendas en bo estado (90,66% no 2001). O descenso da calidade das vivendas é paralelo á antigüidade das mesmas. Partindo duns niveis do 95% de vivendas en bo estado no período 1991-2001, o descenso iniciase nas construcións anteriores a 1960 (81,43% de vivendas en bo estado), chegando ó 56,29% nas construcións máis antigas. Fonte: Censo de Poboación e Vivenda, INE 2001.

³ Podería modificarse o termo inicial previsto nesta transitoria (p.ex. 2005 → 2006) se finalmente así o decidise o órgano resolutorio.

IV.3. *Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).*

IV.4. *As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non puidendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).*

IV.5. *A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (Art. 127.1.a)] e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (Art. 123.1.d)]; atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademáis, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.*

IV.6. *De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:*

- a) *Aprobación inicial polo Pleno.*
- b) *Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.*
- c) *Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.*
- d) *De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.*

IV.7. *Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza -unha vez aprobada de forma definitiva- deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa, sen prexuízo do réxime transitorio previsto.*

IV.8. *Con todo, tendo en conta a relevancia das modificacións introducidas no texto da Ordenanza con posterioridade ó acordo de aprobación inicial como consecuencia da estimación, total ou parcial, das alegacións e suxestións presentadas e das introducidas de oficio, que afectan a cuestións substanciais da mesma, parecería oportuno dispoñer a apertura dun segundo periodo de información pública.*

Tal solución parece plenamente conforme cos principios de transparencia e publicidade e coa necesidade de reforzar a participación pública nos procesos de elaboración das normas cando se introducen cambios substanciais nos documentos inicialmente aprobados (Así: STS 12.06.1993, Ar. 4343).

VI. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ó Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU e previa aprobación pola Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte,
ACORDO

PRIMEIRO: Prestar conformidade ó informe do técnico de Administración xeral da Xerencia municipal de Urbanismo transcrito na parte expositiva deste acordo, no que se propón (a) Estimar -total ou parcialmente-, no sentido indicado no mesmo, as alegacións presentadas ó acordo plenario do 30.03.2004 por: «ASEM GALICIA (Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares)», «APEC (Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra)», «APROIN (Asociación de Promotores Inmobiliarios de la Provincia de Pontevedra)», «Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia», «Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo) e Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Pontevedra», «Colegio Oficial de Ingenieros industriales de Galicia-Delegación de Vigo (ICOIIG)» e «Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia (CICCP)», e, (b) Introducir de oficio as modificacións que se relacionan no Apdo. III do precitado informe.

SEGUNDO: Á vista das modificacións substanciais introducidas no documento inicialmente aprobado, dispoñer a apertura dun segundo trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións. No respectivo expediente que se someta a información pública constará tanto o texto da Ordenanza aprobado inicialmente como o resultante da estimación das alegacións presentadas e das modificacións introducidas de oficio.

TERCEIRO: Notificar este acordo a todos os interesados nos termos previstos legalmente (Arts. 58-59 LRX-PAC).

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista do precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo, que de seguido se transcribe, modificada pola proposta do técnico de Admón Xeral da Xerencia de Urbanismo, segundo o precedente informe, de estimación total o parcial das alegacións presentadas ao acordo plenario do 30.03.04.

2º.- Elevar ao Pleno da Corporación o informe-proposta do técnico de Admón Xeral da Xerencia de Urbanismo transcrito na parte expositiva deste acordo.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO.
CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. XUSTIFICACIÓN

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola CE de 1978 no seu artigo 33, «como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2º), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter as edificacións en debidas condicións de seguridade e salubridade.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.

Desde hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén, lamentablemente, de perda de vidas humanas.

Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan capaces de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (v.gr. ordes de execución) e as tradicionais -e imprescindibles- tarefas de policía administrativa vencelladas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.

No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.

A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer se as edificacións están a ser conservadas e mantidas correctamente e non presentan síntomas aparentes que indiquen unha falta de seguridade nas mesmas, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e costosas.

Ademáis de permitir un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións de Vigo, obxectivo principal que se reflectirá no Rexistro da ITE, a Ordenanza debería contribuir tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.

II. FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un certificado no que describirá os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súa dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste certificado esixe remitirlles copia del ó concello e ó colexio profesional correspondente.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de edificacións e, se descubrise que estas non se efectuaron, poderá realízalas de oficio a custa dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a)].

III. COMPETENCIA MUNICIPAL

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA), protección do medio ambiente (arts. 25.2.f] LRBRL), protección civil (arts. 25.2.c] LRBRL e 80.2.c] LALGA) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

IV. CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA

A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e a propia Ordenanza mediante a obtención dun informe-certificado de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, agás as declaradas en situación de ruína ou sometidas a expediente contradictorio de ruína mentres non exista resolución firme.

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da Ordenanza, os prazos máximos xerais para a presentación do primeiro CITE empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

Para posibilitar o axeitado control do cumprimento das obrigas derivadas da Ordenanza, prevese a constitución na Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo dun rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, o «Rexistro de inspección Técnica da Edificación», no que deberán constar a data de presentación e o contido de cada un dos Certificados de Inspección Técnica da Edificación (CITE) e das Fichas Técnicas da Edificación que se han presentar xunto con el.

V. IMPLEMENTACIÓN

A virtualidade da ITE, na forma en que se regula nesta Ordenanza, esixe que se dote á Xerencia de Urbanismo de maiores medios, materiais e humanos, a realización dunha serie de traballos técnicos previos (censo de edificacións, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.), a creación do Rexistro da ITE, a subscrición de convenios de colaboración cos colexios profesionais directamente implicados, unha axeitada campaña divulgativa entre a cidadanía e os profesionais e, por último, a instrumentación dun réxime específico de axudas á propiedade para realizar as ITE e, de ser o caso, para levar a cabo as obras recomendadas.

Artigo 1. Fundamento e obxecto da Ordenanza.

1.1. Díctase esta Ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

1.2. Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación, concretado no mantemento das condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, de acordo co establecido na normativa urbanística aplicable e nesta Ordenanza.

1.3. Para os efectos da citada inspección, as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que deben manterse as edificacións en función do seu uso, serán as seguintes:

- e) Seguridade, estabilidade e consolidación estruturais, de xeito que non se produzan no edificio ou partes do mesmo danos que teñan a súa orixe ou afecten á cimentación, ós soportes, ás vigas, ós forxados, ós muros de carga ou outros elementos estruturais e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.*
- f) Seguridade e estabilidade dos seus elementos constructivos cuxo deficiente estado supoña un risco para a seguridade das persoas, tales como chemineas, barandas, falsos teitos, cornixas, aplacados e elementos ornamentais ou de acabado; en particular, se poden cair á vía pública.*
- g) Estanquidade fronte á agua, evitando filtracións a través da fachada, cuberta ou do terreo, en particular se estas afectan á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.*
- h) Estanquidade e correcto funcionamento das redes xerais de fontanería e saneamento, de forma que non se produzan fugas que afecten á habitabilidade ou uso do edificio ou poidan ser causa de falta de seguridade descrita nos dous primeiros apartados.*

1.4. O cumprimento das condicións establecidas nos apartados anteriores suporá que a edificación reúne os requisitos de habitabilidade e uso esixibles para os efectos desta inspección técnica.

Artigo 2. Obrigados.

2.1. Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta Ordenanza. Exceptúanse as edificacións declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.

2.2. No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

Artigo 3. Certificado de Inspección Técnica da Edificación (CITE).

3.1. A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe-certificado expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do CITE serán os establecidos nesta Ordenanza.

3.2. De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste certificado esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha constituir na Xerencia. Poderán presentalo, ademais dos propietarios das edificacións, os presidentes das comunidades de propietarios e os que exerzan o cargo de administrador.

3.3. Para o caso de edificacións pertencentes ás Administracións públicas os CITE poderán ser conformados polos seus servicios técnicos competentes.

Artigo 4. Ficha Técnica da Edificación.

Establécese a obriga de realizar unha Ficha Técnica da Edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo I.

Artigo 5. Contido do CITE.

5.1. O CITE expresará se a edificación reúne as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade en que debe manterse en función do seu uso e fará referencia, necesariamente ós seguintes aspectos:

- f) Estado da estrutura e cimentación.
- g) Estado de fachadas interiores, exteriores, medianeiras e outros paramentos; en especial, dos elementos que poidesen supoñer un perigo para a vía pública, tales como petos de terrazas ou placas, entre outros.
- h) Estado de conservación de cubertas e azoteas.
- i) Estado das redes xerais de fontanería e saneamento do edificio.
- j) Estado xeral de elementos comúns (portais, escaleiras, etc.).

5.2. Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

5.3. Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o CITE deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección e sinalar as posibles causas e as obras necesarias por realizar, con indicación de prazos de inicio e de execución estimados das mesmas.

5.4. Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas inmediatas de seguridade que, de ser o caso, fose necesario adoptar por existir unha situación de perigo inminente para os ocupantes da edificación ou das colindantes ou para as persoas que transiten pola vía pública.

5.5. O CITE presentarse conforme ó modelo que se xunta a esta Ordenanza como Anexo II, debidamente cuberto e acompañado de reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio, plano de situación a escala mínima 1:2000 e plano de deslinde a escala 1:500.

Artigo 6. Forma e prazo de presentación do CITE.

6.1. O CITE deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, acompañado da Ficha Técnica da Edificación.

6.2. O primeiro CITE deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 30 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requerido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.

6.3. O CITE deberá renovarse periódicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, xunto coa Ficha Técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos Anexos I e II da Ordenanza.

6.4. Para os efectos desta Ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licencia e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reforma xeral que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do CITE así como o das sucesivas renovacións, comenará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

6.5. A idade da edificación acreditarase documentalmente mediante os seguintes documentos, relacionados por orde de preferencia: (1) Certificado final de obras expedido por facultativo ou facultativos competentes; (2) Licencia de primeira ocupación; (3) Comunicación ó Concello do remate das obras; (4) Licencia de obras. En ausencia deles, tomarase como data de terminación a que resulte de calquera comprobación municipal desa situación e, no seu defecto, determinarase por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas.

6.6. Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal colaborará cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Artigo 7. Rexistro de ITE e Libro do Edificio.

7.1. Para os efectos previstos nesta Ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos CITE e das Fichas Técnicas da Edificación que se presenten.

7.2. A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta Ordenanza.

7.3. Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e na LO.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, no que resulte de aplicación.

7.4. As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios ou polas persoas legalmente responsables nos edificios suxeitos ó réxime de propiedade horizontal e transmitidas ós seus novos titulares en caso de alleamento por calquera título, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Artigo 8. Consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do CITE.

8.1. Se a Xerencia descubriese que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta Ordenanza, ordeará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.

8.2. Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordeado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico Colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, pudiendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

8.3. Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos Colexios profesionais a fin de que os Colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na Ordenanza. A designación do Colexiado a efectuará o respectivo Colexio segundo a súa normativa interna.

8.4. De non formalizarse estes convenios, a Xerencia poderá organizar un turno ó que poderán acceder todos aqueles titulados Colexiados que reúnan os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

8.5. En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

8.6. Non poderán concederse axudas municipais á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o CITE.

Artigo 9. Consecuencias do CITE desfavorable.

9.1. Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no CITE nos prazos que no mesmo se determinen, o que acreditará co correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

9.2. Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licenza de obras na Xerencia será de 2 meses.

9.3. Se, pola contra, do CITE resultase a necesidade de acometer medidas inmediatas de seguridade por perigo inminente, deberanse realizar no prazo previsto no mesmo.

9.4. A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.

Artigo 10. Ordes de execución por non realizar as obras previstas no CITE.

10.1. De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no CITE, os servizos técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe propoñendo o órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para dictar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

10.2. As ordes de execución que se dicten a resultados do CITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de seguridade, estabilidade, estanquidade e consolidación estruturais, así como as de habitabilidade, en función do destino propio da edificación, e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordeado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

10.3. Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

Artigo 11. Réxime sancionador.

11.1. O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos CITE no tempo e a forma establecidos nesta Ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

11.2. Conforme co preceptuado no artigo 223 LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dictase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

11.3. No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

Artigo 12. Réxime xeral do deber de conservación.

12.1. O cumprimento da obriga formal establecida nesta Ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

12.2. No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordear en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordeando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recair e evitar a causación de danos ás persoas e ós bens.

Disposición adicional primeira: Documentación dos proxectos técnicos.

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta Ordenanza para a obtención da correspondente licenza municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevea a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados. Inclúirase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

Disposición adicional segunda: Convenios de colaboración.

Ademáis dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta Ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a Xerencia poderá celebrar outros, con eses mesmos colexios ou con as organizacións e asociacións profesionais do sector interesadas, nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevea a organización de xornadas técnicas e de difusión da Ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da súa aplicación.

Disposición adicional terceira: Réxime de subvencións.

O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta Ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

Disposición transitoria única:

1. As disposicións desta Ordenanza serán aplicables ás edificacións en función da súa antigüidade, debendo someterse á primeira inspección nas seguintes datas:

- a) As edificacións construídas ata 1919, durante o ano 2005.
- b) As edificacións construídas entre 1920 e 1939, durante o ano 2006.

- c) *As edificacións construídas entre 1940 e 1949, durante o ano 2007.*
- d) *As edificacións construídas entre 1950 e 1959, durante o ano 2008.*
- e) *As edificacións construídas entre 1960 e 1969, durante o ano 2009.*
- f) *As edificacións construídas entre 1970 e 1979, durante o ano 2010.*
- g) *As edificacións construídas en 1980, durante o ano 2011.*

2. Unha vez presentado o primeiro CITE, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta Ordenanza.

3. En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

Disposición final primeira:

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta Ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da Ordenanza.

Disposición final segunda:

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

36.(1500)- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN E PROCEDER Á SÚA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO. EXPTE. 41373/250

Antecedentes

A Xunta de Goberno con data 9.08.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de formigóns para o Concello de Vigo.

Con data 5.11.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello publicado no DOG nº 203 e no BOP nº 203 de datas 19 e 20 de outubro respectivamente do presente ano, non se presentou ningunha proposición.

A Mesa de Contratación en sesión do 8.11.04, por unanimidade dos seus membros, acorda “declarar deserto o concurso para a contratación da subministración de materiais de construción por non se ter presentado ofertas e proceder a súa contratación por procedemento negociado previa adaptación do prego de condicións administrativas ao procedemento proposto”.

Con data 11.11.04 o xefe administrativo de Vías e Obras emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras e o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

1º.- Deixar deserto o concurso para o subministro de materiais de construción para o servizo de Vías e Obras o non haberse presentado ningún licitador.

2º.- Aprobar o procedemento de negociado sen publicidade para a selección do adxudicatario do subministro de material de construción para o servizo de Vías e Obras de acordo co previsto no artigo 182.a da LCAP.

3º.- Autorizar o gasto de 240.000,00 euros para a contratación do subministración de materiais de construción para o servizo de Vías e Obras con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto prorrogado do 2003. Para este exercicio o importe será de 20.000,00 €.

4º.- Comprometerse a consignar, ao respecto, no presuposto do ano 2005 crédito por importe de 220.000,00 €.

5º.- Iniciar o procedemento de negociación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

37.(1501)- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTORIA POR IMPORTE DE 30.755,75 € A FAVOR DA ENTIDADE UTE MOVEXVIAL, S.L. HIDROSCIVIL, S.L. EN CONCEPTO DE CAMPAÑA DE PUBLICIDADE. EXPTE. 35445/250

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral, do 9.11.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Investimentos, do 17.11.04, conformado polo concelleiro delegado de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Convalidar as actuacións realizadas do presente expediente administrativo.

2º.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor da entidade UTE MOVEXVIAL, S.L. HIDROSCIVIL, S.L. (G-36895845) na contía de 30.755,75€, en concepto de suplido polos gastos satisfeitos á empresa ITRES PUBLICIDADE, previo o encargo da Concellería Delegada de Vías e Obras e de conformidade coa documentación acreditativa que se achega no expediente.

3º.- Recoñecer a obriga do gasto a favor da entidade UTE MOVEXVIAL, S.L. HIDROSCIVIL, S.L. (G-36895845) pola contía especificada.

4º.- Imputar o gasto por importe de 30.755,75€ ó crédito dispoñible na partida 441.0.226.02 do orzamento vixente.

5º.- Do presente acordo darase conta ó Pleno da Corporación, en cumprimento do establecido no apartado punto 4º da Base 28 das de execución do orzamento.

38.(1502)- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
GONZALEZ ALONSO M. DOLORES	0426750	400,00	354,00	46,00	
LOPEZ CUESTA ISABEL	0435967	25.000,00	24.699,08	300,92	
LOPEZ MOURE JESUS	0447843	6.000,00	6.000,00		
LOPEZ PIÑEIRO M. PILAR	0430122	1.200,00	1.193,26	6,74	
OJEA PEREZ RAFAEL	0445025	371,25	371,25		
ROCHA PARAMES CESAREO	0442803	300,00	309,04		9,04
RODRIGUEZ SOTELINO ROSA MARIA	0445671	322,77	322,77		
ROMO PEREZ VICENTE	0443839	9.000,00	9.000,00		
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0449440	5.649,60	5.649,60		
TOTAL			47.899,00		

39.(1503)- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A COLECTIVOS XUVENÍS DO MUNICIPIO DE VIGO. EXPTE 1061/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do 2.11.04, cofnormado pola concelleira delegada de Xuventude e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder unha subvención para a realización das seguintes actividades ás entidades que de seguido relaciónanse e nas contías determinadas na seguinte taboa:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	PROPOSTA DE CONCESIÓN
FORO DAS UTOPIÁS	G- 36936086	Campaña de prevención de drogas	700 €
A.V.C.R. SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	G- 36691855	Karraskal Rock IV edición	950 €
ASOCIACIÓN XUVENIL DO C.S.C.R. DE BEADE	G – 36.851.806	Magosto e festa de San Xoán	950 €
ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR DE VIGO	G – 36.634.608	Obradoiros de pintura, estudio solidario .	250 €
ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	PROPOSTA DE CONCESIÓN
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER (AECC)	G- 28197564	Obradoiros do Clube de xoves pola saúde.	750 €
ASOCIACIÓN XUVENIL CAMIÑO VELLO	G – 36.709.111	Cociña en coia para xoves	950 €
ASOCIACIÓN XUNTANZA XUVENIL DO C.V.C. VALLADARES	G – 36.744.951	Cursiños de informática, xardinería, música por ordenador....	850 €
SOXIEDADE CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	G 36633428	Excursións, festas, torneos, viaxes para xoves ata 30 anos	600

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

40.(1504)- PRÉSTAMO DE FOTOGRAFÍAS DA COLECCIÓN FOTOGRÁFICA DO CONCELLO DE VIGO AO CENTRO PORTUGUÉS DE FOTOGRAFÍA DE PORTO PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL. EXPTE. 8538/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 18.11.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1. Prestar ó Centro Portugués de Fotografía de Porto, nº de persoa colectiva 503905909, dependente do Ministerio de Cultura de Portugal, un total de 250 fotografías (102 obras da serie “O feito fotográfico” e 148 da serie “Vigovisións”) que se detallan de acordo coa identificación da catalogación realizada polo MARCO en “Anexo único”, pertencentes á Colección Fotográfica do Concello de Vigo; con destino á exposición temporal “*Colección Fotográfica da Cámara Municipal de Vigo. Adquisicións da Fotobienal*” que programa o Centro Portugués de Fotografía entre o 11 de decembro de 2004 e o 13 de marzo de 2005, no edificio Cadeia da Relação, dentro da serie de exposicións sobre fotografía española que realiza en colaboración co Instituto Cervantes.
2. O préstamo das fotografías da colección Fotográfica do Concello de Vigo ó Centro Portugués de Fotografía realízase de acordo coas seguintes condicións:
 - 2.1.Período do préstamo.- Dende o 29 de novembro de 2004 ata o límite da data de devolución ó MARCO (31 de marzo de 2005).
 - 2.2.Gastos.- A entidade beneficiaria do préstamo asume tódolos gastos de produción da exposición: traslados dos fondos fotográficos, seguro, montaxe-desmontaxe, vixilancia, preparación das salas, etc.
 - 2.3.Seguimento do tratamento de fondos.- O control dos movementos dos fondos asignase ó MARCO, que designará un responsable técnico para o seguimento do tratamento de fondos, actuar como “correo”, supervisar os labores de rexistro, de condicións da montaxe, exhibición, desmontaxe, transporte, etc. Os gastos derivados deste seguimento e control dos fondos correrán por conta da entidade beneficiaria do préstamo.
 - 2.4.Seguro.- A entidade beneficiaria do préstamo, Centro Portugués de Fotografía, garantirá que a totalidade das obras prestadas para a exposición dispoñerán do correspondente seguro, de acordo cos valores que figuran nas relacións da Colección Fotográfica do Concello. A modalidade de seguro será a de “cravo a cravo”, é dicir, dende a data saída (ou de comezo da embalaxe) das obras no MARCO ata a devolución no mesmo lugar (ou remate da desembalaxe). O Concello de Vigo será o beneficiario da póliza.
Para que se poida producir a saída das obras, a entidade beneficiaria do préstamo terá presentado no MARCO, con antelación suficiente e para a súa conformidade, unha copia da póliza de seguro ou un certificado de garantía da empresa aseguradora; na que se detallarán os valores individualizados de cada obra, o período de cobertura, a condición de beneficiario do Concello de Vigo, os riscos cubertos, etc. referidos á exposición para a que se prestan (con constancia do lugar de exhibición). En todo caso, só se autoriza a saída das obras aseguradas.

- 2.5. Embalaxe. A entidade beneficiaria realizará ó seu cargo a embalaxe necesaria para os fondos que se presten, no caso que non dispuxeran deles. O MARCO supervisará a realización das embalaxes.
- 2.6. Tranportes.- A entidade beneficiaria realizará os tansportes das obras en vehículo adecuado para este fin e informará previamente ó MARCO sobre as súas características e deberá obtela súa conformidade antes da saída das obras.
- 2.7. Lugar de recollida e devolución das obras.- MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Rúa Príncipe, 54. 36202 Vigo (Pontevedra). Tel. +34 986 113900/11. Fax. +34 986 113901. O horario de recollida e devolución, acordarase entre a entidade beneficiaria do préstamo e o MARCO, trala autorización do préstamo pola Xunta de Goberno Local; en todo caso o MARCO deberá ser avisado con 10 días de antelación para a recollida das obras.
- 2.8. Recepción e devolución.- O MARCO designará á persoa que entregará os fondos á entidade beneficiaria do préstamo e que tamén os recollerá; realizando os informes e observacións necesarios sobre o seu estado no momento da embalaxe, da saída, da chegada e da desembalaxe dos fondos.
- 2.9. Dereitos de autor.- O préstamo dos fondos realízase sen prexuízo dos dereitos de autor que precise obter e xestionar a entidade beneficiaria do préstamo, para reproducións en publicacións, exhibición ou calquera outra obriga que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual.
- 2.10. Publicidade, difusión e protocolo.- Na difusión que se realice da exposición, así como no catálogo ou outros elementos que se editen, as imaxes indicadas referirán as obras prestadas como “Colección Fotográfica do Concello de Vigo” (ademáis dos datos de autoría, técnicos, etc. que correspondan).
Na difusión da exposición deberá facerse constar cos correspondentes anagramas e logotipos a colaboración do Concello de Vigo e do MARCO.
A entidade beneficiaria do préstamo entregará ó Concello de Vigo, un mínimo de 20 exemplares do catálogo da exposición (no caso en que se realice) e de calquera das publicacións ou elementos gráficos de difusión que se editen con este motivo.
A entidade beneficiaria comunicará ó Concello de Vigo os actos de comunicación ou difusión que vaia realizar; tamén formalizará un convite ó Concello de Vigo e á dirección do MARCO para o acto de inauguración informándolle das outras entidades que participarán.

ANEXO ÚNICO.

RELACIÓN DE OBRAS DO PRÉSTAMO Ó CENTRO PORTUGUÉS DE FOTOGRAFÍA PARA EXPOSICIÓN TEMPORAL

(Inauguración: 11 de decembro de 2004. Clausura: 13 de marzo de 2005)

TOTAL: 250 obras fotografías

(102 obras da serie “O feito fotográfico” e 148 da serie “Vigovisións”)

Serie "O feito fotográfico": Selección de 102 obras.

1. 010/FF10/WK/1.3/54. WILLIAM KLEIN. *Catro Cabezas (Nova York)*, 1954. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 44 x 32.6 cm. Adquisición II Fotobienal 1986. Valor do seguro: 4.000 €.
2. 011/FF11/WK/2.3/64. WILLIAM KLEIN. *Sen título (Moscú)*, 1964. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 1.4 x 42.5 cm. Adquisición II Fotobienal 1986. Valor do seguro: 4.000 €.
3. 012/FF12/WK/3.3/61. WILLIAM KLEIN. *Guardián de Pachinko Palas (Tokio)*, 1961. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 32 x 46.8 cm. Adquisición II Fotobienal 1986. Valor do seguro: 4.000 €.
4. 013/FF84/DC/1.2/85. DANIEL CANOGAR. *Sen título*, 1985. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 43 x 43 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1987. Valor do seguro: 2.000 €.
5. 014/FF85/DC/2.2/84. DANIEL CANOGAR. *Sen título*, 1984. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 43 x 43 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1987. Valor do seguro: 2.000 €.
6. 016/FF87/JM/1.1/SF. JOEL MEYEROWITZ. *Sen título, s/d*. Fotografía en cor. Copia tipo C. 24.2 x 19.2 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1987. Valor do seguro: 2.000 €.
7. 017/FF88/AS/1.1/SF. AMERICA SÁNCHEZ. *Sen título, s/d*. Fotografía en cor. Cibachrome manipulada. 39.9 x 30 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1987. Valor do seguro: 2.000 €.
8. 020/FF91/TC/1.1/83. TONI CATANY. *Sen título (Mallorca). Da serie "Naturezas mortas"*, 1983. Fotografía en cor. Copia tipo C. 26.6 x 26.6 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1987. Valor do seguro: 2.000 €.
9. 021/FF92/MA/1.1/38. MANUEL ÁLVAREZ BRAVO. *A boa fama durmindo*, 1938. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 18.4 x 23.9 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1988. Valor do seguro: 4.000 €.
10. 024/FF95/BF/1.1/80. BERNARD FAUCON. *Campos de lavanda*, 1980. Fresson (copia nº 10). 30 x 30 cm. Adquisición III Fotobienal 1988. Valor do seguro: 2.000 €.
11. 029/FF100/MG/1.2/61-63. MARIO GIACOMELLI. *Non teño mans para acariciar a cara*, 1961-1963. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 28.5 x 39 cm. Adquisición III Fotobienal 1988. Valor do seguro: 4.000 €.
12. 030/FF101/MG/2.3/64-66. MARIO GIACOMELLI. *A boa terra*, 1964-1966. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 28.8 x 39.2 cm. Adquisición III Fotobienal 1988. Valor do seguro: 4.000 €.
13. 036/FF107/LK/4.9/80. LES KRIMS. *Sen título*, 1980. Fotografía en cor. Copia tipo C. 44.6 x 56 cm. Adquisición III Fotobienal 1988. Valor do seguro: 4.000 €.
14. 037/FF108/LK/5.9/88. LES KRIMS. *Sen título*, 1988. Fotografía en cor. Copia tipo C. 44.7 x 56 cm. Adquisición III Fotobienal 1988. Valor do seguro: 4.000 €.
15. 038/FF109/LK/6.9/84-85. LES KRIMS. *Sen título*, 1984-85. Fotografía en cor. Copia tipo C. 44.6 x 56.2 cm. Adquisición III Fotobienal 1988. Valor do seguro: 4.000 €.
16. 039/FF110/LK/7.9/86. LES KRIMS. *Sen título*, 1986. Fotografía en cor. Copia tipo C. 44.6 x 56 cm. Adquisición III Fotobienal 1988.

17. 109/FF180/MM/1.1/SF. MANEL MIRANDA. *Sen título*, s/d. Pinhole. Copia tipo C. 18.2 x 18.1 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1988. Valor do seguro: 600 €.
18. 118/FF246/VC/1.42/88. VARI CARAMÉS. *Coruña by night*, 1988. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21.5 x 32.7 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1989. Valor do seguro: 2.000 €.
19. 120/FF248/VC/3.42/87. VARI CARAMÉS. *O bico do cabaleiro*, 1987. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 32.5 x 21 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1989. Valor do seguro: 2.000 €.
20. 122/FF250/VC/5.42/85. VARI CARAMÉS. *Un cortao*, 1985. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21.5 x 32.7 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1989. Valor do seguro: 2.000 €.
21. 125/FF253/XC/1.3/SF. XULIO CORREA. *Riazor* 1986, s/d. Adquisición Sala dos Peiraos 1989. Valor do seguro: 3.000 €.
22. 128/FF256/MP/1.1/SF. MAX PAN. *Sen título*, s/d. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 17.6 x 17.6 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1989. Valor do seguro: 2.000 €.
23. 129/FF257/BP/1.1/81. BERNARD PLOSSU. *Sen título (México)*, 1981. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 17.2 x 26.4 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1989. Valor do seguro: 2.000 €.
24. 143/FF283/CC/1.1/SF. CAROLE CONDÉ / KARL BEVERIDGE. *Sen título*, s/d. Fotografía en cor. Copia tipo C. 60 x 75 cm. Adquisición IV Fotobienal 1990. Valor do seguro: 3.000 €.
25. 144/FF284/PR/1.1/SF. PIERRE RADISIC. *Sen título*, s/d. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 32 x 26.3 cm. Adquisición Sala dos Peiraos 1990. Valor do seguro: 200 €.
26. 172/FF312/JD/1.1/83. JOHN DAVIES. *Sen título*, 1983. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 38 x 56.4 cm. Adquisición IV Fotobienal 1990. Valor do seguro: 2.000 €.
27. 177/FF317/MP/1.1/89. MARTÍN PARR. *Sen título*, 1989. Fotografía en cor. Copia tipo C. 26.1 x 32.4 cm. Adquisición IV Fotobienal 1990. Valor do seguro: 2.000 €.
28. 178/FF363/DA/1.3/84. DELMI ÁLVAREZ. *Secuestro catamarán*, 1984. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21 x 31.8 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 600 €.
29. 179/FF364/DA/2.3/84. DELMI ÁLVAREZ. *Loita dos traballadores de Ascón*, 1984. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21.4 x 32.3 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 600 €.
30. 182/FF367/RC/1.6/62. RAÚL CORRALES. *Crisis de outubro*, 1962. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 32.1 x 21.5 cm. Adquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 1.000 €.
31. 186/FF371/RC/5.6/62. RAÚL CORRALES. *Crisis de Outubro*, 1962. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 33.5 x 22.5 cm. Adquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 1.000 €.
32. 190/FF375/LG/1.1/SF. LUIS GONZÁLEZ PALMA. *Sen título*, s/d. Técnica mixta. 85.4 x 105.6 cm. Adquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 3.000 €.
33. 192/FF377/CG/2.3/83. CLAUDIA GORDILLO. *Milicias Populares*, 1983. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 24.2 x 36.5 cm. Adquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 1.000 €.

34. 193/FF378/CG/3.3/85. CLAUDIA GORDILLO. *Día Nacional das Milicias Populares*, 1985. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 24 x 35.2 cm. Adquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 1.000 €.
35. 194/FF379/GI/1.1/86. GRACIELA ITURBIDE. *Magnolia*, 1986. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 45 x 30 cm. Adquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 2.000 €.
36. 196/FF381/SP/1.1/SF. SUE PACKER. *Sen título*, s/d. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 25 x 25 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 1.000 €.
37. 197/FF382/CP/1.1/SF. CARLOS PÉREZ SIQUIER. *Sen título*, s/d. Fotografía en cor. Copia tipo C. 30.4 x 30.3 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 2.000 €.
38. 199/FF384/RT/2.12/55. RICARD TERRÉ. *Semana Santa*, 1955. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29.5 x 39.5 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 2.000 €.
39. 201/FF386/RT/4.12/59. RICARD TERRÉ. *Sen título (Sant Boi)*, 1959. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 39.5 x 29.5 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 2.000 €.
40. 203/FF388/RT/6.12/59. RICARD TERRÉ. *Semana Santa*, 1959. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 39.5 x 29.5 cm. Adquisición Casa das Artes 1992. Valor do seguro: 2.000 €.
41. 279/FF464/AP/1.3/SF. ARQUIVO PANATECA. *Sen título*, s/d. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29.2 x 43.2 cm. Aquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 600 €.
42. 280/FF465/AP/2.3/SF. ARQUIVO PANATECA. *Sen título*, s/d. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 44 x 29 cm. Aquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 600 €.
43. 282/FF467/JD/1.1/41. JACK DELANO. *Ministro da igrexa coa súa familia (do proxecto F.S.A.)*, 1941. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29.8 x 22.8 cm. Aquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 4.000 €.
44. 287/FF472/SE/1.1/85. SANDRA ELETA. *Putulungo, O Pulpeiro (da serie "Portobelo")*, 1985. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 48 x 48 cm. Aquisición V Fotobienal 1992. Valor do seguro: 2.000 €.
45. 288/FF473/FG/1.1/87. FLOR GARDUÑO. *Muller (da serie "Testigos do tempo")*, 1987. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 21.8 x 30 cm. Aquisición IV Fotobienal 1990. Valor do seguro: 2.000 €.
46. 289/FF532/WE/25.31/83. WILLIAM EGGLESTON. *Sen título (da serie "Graceland")*, 1983. Fotografía en cor. Dye transf. 36 x 55 cm. Aquisición IV Fotobienal 1990. Valor do seguro: 4.000 €.
47. 290/FF533/WE/26.31/83. WILLIAM EGGLESTON. *Sen título (da serie "Graceland")*, 1983. Fotografía en cor. Dye transf. 36.5 x 55 cm. Aquisición IV Fotobienal 1990. Valor do seguro: 4.000 €.
48. 296/FF539/WE/1.3/84. RUTH THORNE-THOMSEN. *Ray at Monument Valey (da serie "Expeditions")*, 1984. Fotografía en branco e negro virada a sepa. Bromuro de prata. 10 x 12.5 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 3.000 €.
49. 297/FF540/WE/2.3/76. RUTH THORNE-THOMSEN. *Pyramid (da serie "Expeditions")*, 1976. Fotografía en branco e negro virada a sepa. Bromuro de prata. 10 x 30 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 3.000 €.

50. 298/FF541/WE/3.3/87. RUTH THORNE-THOMSEN. *Niobe (da serie "Views from Shoreline")*, 1987. Fotografía en branco e negro virada a sepa. Bromuro de prata. 13.5 x 11 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 3.000 €.
51. 299/FF542/AC/1.1/92. AZIZ + CUCHER. *María (da serie "Distopia")*, 1992. Fotografía dixital. Copia tipo C. 91.4 x 77 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 4.000 €.
52. 300/FF543/NB/1.1/s.d. NANCY BURSON. *Big Brother, s/d*. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 29.7 x 36.8 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 2.000 €.
53. 301/FF544/SF/1.20/89. SCHMID/ FRICKE. *Sen título (da serie "Masterpieces Phot. Art")*, 1989. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 8 x 5.4 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 1.000 €.
54. 302/FF545/SF/2.20/89. SCHMID/ FRICKE. *Sen título (da serie "Masterpieces Phot. Art")*, 1989. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 10 x 7.5 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 1.000 €.
55. 303/FF546/SF/3.20/89. SCHMID/ FRICKE. *Sen título (da serie "Masterpieces Phot. Art")*, 1989. Fotografía en branco e negro. Bromuro de prata. 4 x 5.7 cm. Aquisición VI Fotobienal 1994. Valor do seguro: 1.000 €.
